

# **II PLAN DE IGUALDADE DE MULLERES E HOMES CONCELLO DE MEIS 2025-2029**



**CONCELLO  
DE  
MEIS**



**Deputación  
Pontevedra**

**PROMOVE:**

CONCELLO DE MEIS



CONCELLO  
DE  
MEIS

**SUBVENCIONA:**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



Deputación  
Pontevedra

**COORDINA:**

TALENTEA RRHH



# ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS.....	3
INTRODUCCIÓN.....	5
CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DO CONCELLO DE MEIS .....	9
DATOS DEMOGRÁFICOS.....	9
EDUCACIÓN.....	18
EMPREGO .....	19
POBREZA E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.....	27
VIOLENCIA DE XÉNERO.....	30
CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.....	34
CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE RETROSPECTIVA.....	38
DIAGNÓSTICO PARTICIPATIVO.....	42
ENQUISA Á CIDADANÍA.....	47
CONTEXTO NORMATIVO E PRAGMÁTICO.....	53
PRINCIPIOS DO PLAN.....	59
METODOLOXÍA E ESTRUCTURA MATRIZ DO PLAN.....	62
PROGRAMA DE MEDIDAS.....	67
ÁREA 1. MEIS EN IGUALDADE: UN CONCELLO COMPROMETIDO.....	68
ÁREA 2. IGUALDADE NO TRABALLO E NO FOGAR: OPORTUNIDADES, CONCILIACIÓN E COIDADOS.....	75
ÁREA 3. VIVIR EN IGUALDADE: SAÚDE, PARTICIPACIÓN E AUTONOMÍA.....	82
ÁREA 4. DA ESCOLA Á RÚA: IGUALDADE PARA TODA A SOCIEDADE.....	91
ÁREA 5. VIDAS LIBRES DE VIOLENCIAS MACHISTAS: PREVENCIÓN, ATENCIÓN E RESPOSTA INTEGRAL.....	100
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	106

# INTRODUCCIÓN

## INTRODUCCIÓN

A igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental recoñecido na Constitución Española, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na normativa internacional de dereitos humanos. Constitúe tamén unha condición imprescindible para o desenvolvemento democrático, social e económico dun territorio. As administracións locais, por seren o nivel institucional máis próximo á cidadanía, teñen unha responsabilidade directa na promoción desta igualdade e na eliminación das discriminacións que, de forma estrutural, seguen afectando ás mulleres.

O Concello de Meis asume este compromiso a través do seu Plan Municipal de Igualdade, que se configura como o instrumento básico de planificación e coordinación das políticas municipais nesta materia. O plan define as liñas estratéxicas, obxectivos e medidas que orientarán a acción municipal nos próximos anos, coa finalidade de garantir unha igualdade real e efectiva, tanto no ámbito institucional como na vida social, económica e cultural do municipio.

O proceso de elaboración deste plan partiu dun diagnóstico previo da situación da igualdade en Meis, no que se analizaron os datos demográficos e laborais, os servizos municipais existentes, as percepcións da cidadanía e do persoal técnico, e a presenza da perspectiva de xénero nas políticas locais. O diagnóstico puxo de manifesto unha evolución positiva na sensibilización social e institucional en materia de igualdade, pero tamén evidenciou retos persistentes: a falta de persoal técnico especializado, a escasa visibilidade das mulleres nalgúns ámbitos de participación, as dificultades de conciliación, e a necesidade de reforzar a coordinación interinstitucional na atención ás vítimas de violencia de xénero.

A realidade de Meis, marcada pola dispersión territorial e o carácter rural do municipio, require unha planificación sensible ao contexto e centrada na proximidade. As medidas incluídas neste plan foron deseñadas tendo en conta

esa especificidade, priorizando accións viables, adaptadas aos recursos existentes e orientadas a fortalecer o tecido social e comunitario. O plan propón un modelo de intervención baseado na colaboración entre servizos municipais, centros educativos, entidades sociais e o conxunto da veciñanza, promovendo unha cultura local de respecto, igualdade e coidados compartidos.

O II Plan Municipal de Igualdade do Concello de Meis estrutúrase en cinco áreas estratéxicas e o seu período de vixencia abrangue do ano 2025 ao 2029.

- **Área 1. Meis en igualdade: un Concello comprometido**
- **Área 2. Igualdade no traballo e no fogar: oportunidades, conciliación e coidados**
- **Área 3. Vivir en igualdade: saúde, participación e autonomía**
- **Área 4. Da escola á rúa: igualdade para toda a sociedade**
- **Área 5. Vidas libres de violencias machistas: prevención, atención e resposta integral**

Este plan é, en definitiva, unha ferramenta viva, aberta á participación e á revisión continua. O seu éxito dependerá non só da vontade institucional, senón tamén da implicación da cidadanía e das entidades locais. A igualdade é un proceso colectivo que require compromiso, aprendizaxe e corresponsabilidade; e este documento representa un paso firme do Concello de Meis cara a ese obxectivo común: facer da igualdade unha realidade cotiá e sostible no tempo.

O seguinte documento estrutúrase en:

1. Esta **introdución** que presenta o documento.
2. A **caracterización sociodemográfica** do Concello de Meis que recolle información precisa para orientar as medidas do plan á realidade e necesidades concretas deste concello.

3. **Conclusións da análise retrospectiva** das actividades e accións levadas a cabo nos últimos anos en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.
4. Os resultados do **proceso participativo** do que formou parte o persoal técnico do concello, axentes sociais da contorna, educación, asociacións, etc.
5. O **contexto normativo e pragmático** que recolle unha análise do marco legal europeo, estatal, autonómico e local.
6. **Os principios reitores do plan:** Base ética que sustenta as accións propostas.
7. **Estrutura do plan e metodoloxía:** presentación das áreas do plan e a metodoloxía de elaboración.
8. **Programa de medidas:** propostas concretas e diferenciadas nas cinco áreas de acción.

# **CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA**

# CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DO CONCELLO DE MEIS


Co obxectivo de contextualizar desde un punto de vista poboacional este II Plan de Igualdade, preséntase unha análise das principais características sociodemográficas da poboación de Meis, así como outros indicadores socioeconómicos de interese.

## DATOS DEMOGRÁFICOS

O concello de Meis sitúase na provincia da Pontevedra e pertence á comarca do Salnés. Segundo os datos do padrón municipal do ano 2024, a poboación de Meis é de 4.703 persoas, 2.254 homes e 2.449 mulleres. Ten unha extensión de 51,90km<sup>2</sup>.

Á hora de analizar a poboación dun territorio é importante ter en conta a densidade de poboación, que é a relación entre o número de habitantes que viven nun territorio e a extensión deste. O gráfico que se presenta a continuación amosa este indicador en relación aos territorios de referencia (comarca, provincia e comunidade).

**Gráfico 1. Densidade de poboación**




A densidade de poboación de Meis sitúase en 90,5 hab./km<sup>2</sup>, unha cifra moi semellante á media galega (91,9 hab./km<sup>2</sup>) e claramente inferior á media da provincia de Pontevedra (210,3 hab./km<sup>2</sup>). Se a comparamos coa comarca (401,9 hab./km<sup>2</sup>), obsérvase unha diferenza aínda máis acusada, o que evidencia o carácter marcadamente rural de Meis en relación co seu contorno inmediato.

Este dato pon de manifesto unha realidade poboacional dispersa, propia do territorio galego, mais con matices relevantes: Meis presenta unha densidade inferior á media provincial e comarcal, situándoo nun contexto de menor concentración demográfica e cun perfil territorial máis rural. A poboación de Meis distribúese en sete parroquias: A Armenteira, Nogueira, Paradela, San Lourenzo de Nogueira, San Martiño de Meis, San Tomé de Nogueira e Meis.

O concello de Meis, como no resto de Galicia, perde habitantes cada ano. Desde o ano 2013 ao ano 2023, o concello perdeu 320 habitantes.

**Gráfico 2. Evolución da poboación de Meis do 2014-2024**



Entre os anos 2014 e 2024 o concello de Meis experimentou unha perda progresiva de poboación, pasando de 5.033 habitantes en 2014 a 4.703 en 2024, o que supón unha redución de 330 persoas, arredor dun 6,6 % en dez anos. Esta

diminución afectou tanto a homes coma a mulleres, aínda que con matices. No caso dos homes, a poboación pasou de 2.382 en 2014 a 2.254 en 2024, o que representa unha redución do 5,4 %, mentres que nas mulleres se pasou de 2.651 a 2.449, cunha baixada do 7,6 %. En termos absolutos a perda foi lixeiramente maior nas mulleres (-202) que nos homes (-128), mantendo así a tendencia de predominio feminino na poboación total, pero cunha redución paulatina da fenda entre sexos. En síntese, os datos poñen de manifesto unha dinámica de envellecemento e perda demográfica, común en moitos concellos rurais galegos, que condiciona o desenvolvemento social e económico do territorio.

O crecemento natural da poboación de Meis atendendo aos datos publicados polo IGE para o ano 2024 foi negativo. No ano 2024, rexistráronse 43 defuncións máis que nacementos, un dos datos máis alto nos últimos 10 anos xunto co ano 2023.


**Táboa 1. Datos sociodemográficos do Concello de Meis (2014-2024)**

<b>ANO</b>	<b>NACEMENTOS</b>	<b>DEFUNCIÓNS</b>	<b>SALDO VEXETATIVO</b>	<b>MATRIMONIOS</b>
<b>2014</b>	28	64	-36	17
<b>2015</b>	35	64	-29	22
<b>2016</b>	35	51	-16	14
<b>2017</b>	33	56	-23	13
<b>2018</b>	41	58	-17	25
<b>2019</b>	31	64	-33	36
<b>2020</b>	31	59	-28	14
<b>2021</b>	24	61	-37	13
<b>2022</b>	33	69	-36	21
<b>2023</b>	19	62	-43	11
<b>2024</b>	20	63	-43	23

Outros datos que aparecen recollidos na táboa 1 é o numero de matrimonios, no ano 2024 foron 23. Neste aspecto vemos unha tendencia relativamente regular, no que non varían demasiado o número de matrimonios nos últimos anos.

Se poñemos atención ao saldo vexetativo, que é a diferenza entre nacementos e defuncións ocorridos nun territorio durante un tempo definido, vemos que Meis ten un saldo vexetativo negativo. Meis presenta unha tendencia negativa sostida ao longo da última década, o que reflicte unha preocupante diminución da poboación por causas naturais. Isto pode deberse a un descenso na natalidade, un incremento na mortalidade ou unha combinación de ambos factores.

**Gráfico 3. Evolución do saldo vexetativo. Meis 2014-2024**



**Táboa 2. Indicadores de fecundidade**

Taxa bruta de natalidade		Idade media á maternidade	
Meis	Galicia	Meis	Galicia
<b>4,03</b>	5,18	33,70	33,25

A taxa bruta de natalidade é a relación entre o número de nacementos no ano 2024 e a poboación media do ano. Meis ten uns datos lixeiramente inferiores á media autonómica con respecto á taxa bruta de natalidade, e confirma a tendencia ao descenso poboacional e ao envellecemento característico do territorio galego e do concello de Meis. Pola súa banda, a idade media á maternidade é de 33,7 anos, algo superior á galega (33,25) pero que sigue en liña co comportamento demográfico xeral. .

Para continuar analizando os principais indicadores sociodemográficos deste concello, cómpre prestar atención ao relacionado co avellentamento da poboación e a dependencia.

As mulleres de Meis teñen unha idade media máis alta (50,47) que os homes (46,62 anos) e ambas son superiores ás idades das mulleres e homes en Galicia (49,85 e 46,75 anos, respectivamente).

**Táboa 3. Indicadores de poboación**

	TOTAIS		MULLERES		HOMES	
	MEIS	GALICIA	MEIS	GALICIA	MEIS	GALICIA
<b>Idade media</b>	48,62	48,36	50,47	49,85	46,62	46,75
<b>% menores de 20 anos</b>	15,02	15,40	13,84	14,40	16,29	16,47
<b>% entre 20 e 64 anos</b>	57,39	58,00	55,21	56,39	59,76	59,73
<b>% 65 anos e máis</b>	27,59	26,61	30,95	29,20	23,95	23,80
<b>Índice de envellecemento</b>	183,73	172,78	223,60	202,79	147,01	144,49
<b>Índice de sobreenvellecemento</b>	17,71	19,03	20,84	22,13	13,31	14,92
<b>Índice de dependencia global</b>	62,07	60,08	68,78	65,06	55,36	55,03
<b>Índice de dependencia xuvenil</b>	17,35	17,49	16,54	16,85	18,16	18,13
<b>Índice de dependencia senil</b>	44,72	42,59	52,24	48,20	37,21	36,90

Na táboa 3, pódese observar o índice de envellecemento, que é a relación entre o número de persoas maiores de 65 anos cos menores de 20 anos. O índice de envellecemento neste concello é de 183,73, lixeiramente superior ao da media de Galicia. Se ben é certo que se analizamos por sexo, o envellecemento é máis acusado entre as mulleres. O que implica que hai máis do dobre de mulleres

maiores de 65 por cada menor de 20. Este patrón repítese no índice de dependencia global, que acada o 68,78% nas mulleres, fronte ao 55,36% nos homes, mostrando unha feminización clara da poboación dependente.

No tocante ao sobreenvellecemento, que é a proporción de persoas de idade moi avanzada (máis de 85) respecto do total de persoas maiores de 65 anos é lixeiramente inferior en Meis (17,71) que en Galicia (19,06).

Outros datos fundamentais son o índice de dependencia global e o índice de dependencia senil presentes na táboa 3. O primeiro, é a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependente (menores de 15 anos e maiores de 64) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (15 a 64 anos). En Meis é 62,07, mentres que en Galicia é 60,08. Isto significa que en Meis hai unha maior proporción de persoas dependentes (tanto xuvenís como maiores) en relación á poboación en idade de traballar. O índice de dependencia senil é a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación en idade potencialmente activa, que é algo superior en Meis (44,72) que a media de Galicia (42,59), sendo especialmente alto entre as mulleres (48,20) en comparación cos homes (37,21). A continuación, preséntanse estes datos.

Segundo o padrón municipal de habitantes, no ano 2024, residen un total de 4.703 persoas distribuídas por sexo do seguinte modo: 48,27 % son homes e o 51,73 % mulleres. Os datos explicados neste apartado visualízanse na pirámide de poboación, que é a representación gráfica da estrutura da poboación por sexo e grupos de idade representada nunha gráfica en diagrama de barras.


A pirámide de poboación do Concello de Meis presenta unha estrutura regresiva, característica das sociedades en proceso de envellecemento. A base, correspondente á poboación menor de 20 anos, é moi estreita, o que indica baixa natalidade e escasa renovación xeracional. En contraste, as barras centrais e superiores son máis amplas, reflectindo unha forte concentración da

poboación nos tramos de 45 a 70 anos, e un peso crecente das persoas maiores de 65 anos.

A análise por sexo evidencia un marcado desequilibrio nos grupos de idade avanzada, cunha maior presenza de mulleres nas franxas de 70 anos en diante, consecuencia directa da súa maior esperanza de vida. Pola contra, nas idades máis novas a proporción entre mulleres e homes é máis equilibrada, e incluso lixeiramente superior nos homes nos tramos de 0 a 34 anos.

Esta estrutura confirma a tendencia á feminización do envellecemento, fenómeno que implica non só unha maior presenza de mulleres maiores, senón tamén unha maior probabilidade de que estas asuman responsabilidades de coidado doutros familiares dependentes, ou de que vivan soas en idades avanzadas.


**Gráfico 4. Pirámide da poboación do Concello de Meis (2022)**



Outro dato que cómpre analizar é o saldo migratorio, que se refire ao balance que existe entre a inmigración e a emigración nun determinado lugar, cando o saldo migratorio é positivo, a poboación aumenta, mentres que cando é

negativo diminúa. O saldo migratorio é o número de inmigrantes menos o número de emigrantes.

**Gráfico 5. Saldo migratorio Concello de Meis (2013-2023)**



En conxunto, os datos apuntan a unha lixeira reactivación demográfica recente, despois dunha etapa de perdas intensas, aínda que a poboación segue a ser moi sensible ás variacións laborais e de servizos locais. Desde unha perspectiva de igualdade, resulta clave favorecer o arraigo e a atracción de poboación feminina nova, mediante políticas de emprego, conciliación e coidados que reforcen a estabilidade e o equilibrio demográfico do municipio.

O saldo migratorio do Concello de Meis presenta unha evolución irregular durante o período 2013–2023, con alternancia de anos de perda e de recuperación poboacional. Destacan as fortes baixas de 2015 (-109 persoas) e 2016 (-34), seguidas de anos de crecemento como 2018 (+40), 2020 (+80) e 2023 (+39).

Por sexo, obsérvase un comportamento desigual: os homes amosan maior volatilidade, con fortes perdas en 2015 e recuperación destacada en 2020, mentres que as mulleres presentan unha tendencia máis estable, con mellora progresiva nos últimos anos e un repunte claro en 2023 (+29 mulleres).

**Táboa 4. % de poboación estranxeira no Concello de Meis**

<b>MULLERES</b>	<b>HOMES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>2,57%</b>	<b>2,52%</b>	<b>2,55%</b>

A poboación estranxeira representa o 2,55 % do total da veciñanza de Meis, unha porcentaxe lixeiramente inferior á media galega, o que confirma o baixo peso da inmigración no conxunto da estrutura demográfica municipal. A distribución por sexo é practicamente equilibrada (2,57 % de mulleres fronte a 2,52 % de homes) , polo que non se observan diferenzas significativas entre ambos grupos.

Aínda que o volume é reducido, a presenza de poboación estranxeira contribúe a diversificar o tecido social e pode constituír un factor de revitalización demográfica, especialmente nun contexto de envellecemento e baixa natalidade. Resulta recomendable favorecer políticas locais de acollida, participación e integración, con perspectiva de xénero, que faciliten a plena inclusión das mulleres migrantes e o seu acceso aos recursos e servizos municipais.

**Táboa 5. Proxeccións demográficas para o ano 2039**

<b>2039</b>	<b>TOTAL</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
INDICE DE ENVELLECIMENTO	261,4	236,3	286,2
INDICE DE SOBREENVELLECIMENTO	19,2	15,4	22,30
INDICE DE DEPENDENCIA GLOBAL	72,2	67,00	77,3
IDADE MEDIA	51,5	50,30	52,6

As proxeccións demográficas para 2039 indican un forte envellecemento da poboación de Meis, cun índice de envellecemento de 261,4 e unha idade media de 51,5 anos. O fenómeno será especialmente acusado nas mulleres, cun índice de 286,2 fronte a 236,3 nos homes, o que confirma a feminización do envellecemento. O índice de dependencia global (72,2 %) anticipa unha crecente presión sobre a poboación activa e os servizos de coidados, reforzando a necesidade de políticas municipais que promovan o benestar, a conciliación e o arraigo da poboación nova.

## EDUCACIÓN

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), no Concello de Meis hai 385 persoas matriculadas en ensinanzas non universitarias en centros sostidos con fondos públicos. O municipio conta con dúas institucións educativas principais: o C.E.I.P. de Armenteira, que imparte educación infantil e primaria, e o C.P.I. de Mosteiro, que ofrece educación primaria e educación secundaria obrigatoria (E.S.O.).

A maiores, o concello dispón dunha Escola Municipal de Educación Infantil (0–3 anos), que, aínda que non aparece recollida nas estatísticas do IGE, desempeña un papel fundamental no apoio á conciliación familiar e laboral das familias de Meis.

***Táboa 6. Alumnado matriculado en E.infantil, E.Primaria e Secundaria no Concello de Meis (2025)***

	Educación infantil	Educación primaria	Educación secundaria
<b>TOTAL</b>	65	174	146
<b>MULLERES</b>	33	73	73
<b>HOMES</b>	32	101	73

## EMPREGO

Neste apartado pasamos á análise dos indicadores estatísticos asociados á esfera do mercado de traballo. En setembro de 2025, 1.926 persoas estaban afiliadas á Seguridade Social no concello de Meis

**Táboa 7. Afiliacións á seguridade social no Concello de Meis en setembro de 2025**

<b>Setembro 2025</b>	<b>Total afiliados/as</b>
<i>Total</i>	1926
<i>Autónomo/a</i>	430
<i>Agrario</i>	19
<i>Mar</i>	15
<i>Fogar</i>	30
<i>Carbón</i>	0

Rexístranse un total de 1.108 contratos, dos cales a maioría son de carácter eventual (55,8%), o que evidencia unha alta temporalidade laboral no municipio. A contratación indefinida, aínda que relevante (33,9%) continúa sendo minoritaria, o que reflicte certa inestabilidade no mercado laboral local.


Desde a perspectiva de xénero, obsérvase unha presenza maioritaria de homes en todos os tipos de contrato, especialmente eventuais, con 418 fronte a 201 mulleres. As mulleres presentan unha maior proporción relativa en interinidade (25 mulleres fronte a 19 homes), o que podería vincularse á súa presenza en sectores públicos ou servizos.

En resumo, o mercado laboral de Meis caracterízase por unha forte temporalidade, escasa contratación estable e persistentes desigualdades de

xénero, con maior precariedade e menor acceso das mulleres a contratos indefinidos, cuestións que deben abordarse desde políticas de emprego, conciliación e promoción profesional con enfoque de xénero.

### Gráfico 6. Contratos rexistrados no concello de Meis por tipo de contrato.

Ano 2024




Os datos de contratación por tipo de xornada no Concello de Meis amosan diferenzas significativas entre homes e mulleres, que reflicten patróns laborais tradicionalmente asociados aos roles de xénero.

A maioría dos contratos corresponden a xornadas a tempo completo (282 en total), cunha distribución relativamente equilibrada (149 homes e 133 mulleres). Porén, a análise dos contratos a tempo parcial revela unha clara desigualdade: das 78 contratacións rexistradas, 59 corresponden a mulleres, o que supón máis do 75 % deste tipo de contratos. Isto indica que as mulleres teñen unha maior presenza en empregos de menor duración e menor estabilidade, moitas veces asociados á conciliación e aos sectores feminizados (servizos, atención, limpeza, hostalaría, etc.). No caso dos contratos fixos discontinuos, vinculados habitualmente a actividades estacionais, a distribución é tamén desigual: 46 homes fronte a 18 mulleres, o que suxire unha maior concentración masculina en sectores como a construción, o viñado ou o mantemento agrícola.

En conxunto, os datos confirman unha maior precariedade feminina, asociada á parcialidade e á temporalidade, mentres que os homes predominan nos contratos a tempo completo e nos fixos descontinuos.

**Gráfico 7. Contratos rexistrados no Concello de Meis por tipo de xornada e sexo. Ano 2024**




En canto aos sectores de actividade, no concello de Meis obsérvase unha clara especialización nos sectores primarios e de servizos, que concentran a maior parte do emprego local. O sector servizos é o máis relevante, con 467 contratos (42,1 %), seguido da agricultura e pesca, con 315 contratos (28,4 %), e da industria (25,4 %). O peso da construción é residual (3,9 %).

Desde unha perspectiva de xénero, esta distribución reproduce os patróns de segregación horizontal do mercado laboral galego: as mulleres tenden a concentrarse no sector servizos, especialmente en ocupacións relacionadas cos coidados, limpeza, comercio e hostalaría, mentres que os homes predominan na agricultura, industria e construción.

Esta división sectorial implica que o emprego feminino en Meis está máis exposto á temporalidade e á parcialidade, mentres que o masculino se vincula con sectores máis estables ou mellor remunerados.

**Gráfico 8. Contratos rexistrados segundo o sector de actividade económica no Concello de Meis**



O mercado laboral de Meis está fortemente dominado polo sector servizos (61,6 % dos contratos), seguido da construción (24,9 %) e da industria (10,7 %), principalmente manufacturera. Dentro dos servizos destacan o comercio (111 contratos) e a hostalaría (46), mentres que o resto de actividades teñen unha presenza moi reducida. Esta distribución evidencia unha dependencia do emprego en sectores tradicionais e unha clara segregación por xénero, con maior presenza feminina nos servizos e masculina na industria e construción.

**Táboa 8. Unidades locais en Meis segundo actividade principal (divisións CNAE-2009).**


<b>2. INDUSTRIA, INCLUÍDA A ENERXÍA</b>	<b>38</b>
<b>b. Industrias extractivas</b>	<b>6</b>
<b>c. Industria manufactureira</b>	<b>32</b>
<b>d. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado</b>	<b>0</b>
<b>e. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación</b>	<b>0</b>
<b>3. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>88</b>
<b>4. SERVIZOS</b>	<b>218</b>
<b>g. Comercio por xunto e ao retallo, reparación de vehículos de motor e motocicletas</b>	<b>111</b>
<b>h. Transporte e almacenamento</b>	<b>21</b>
<b>i. Hostalaría</b>	<b>46</b>
<b>j. Información e comunicacións</b>	<b>1</b>
<b>k. Actividades financeiras e de seguros</b>	<b>7</b>
<b>m. Actividades profesionais, científicas e técnicas</b>	<b>7</b>
<b>n. Actividades administrativas e servizos auxiliares</b>	<b>6</b>
<b>p. Educación</b>	<b>1</b>
<b>q. Actividades sanitarias e de servizos sociais</b>	<b>5</b>
<b>r. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento</b>	<b>3</b>
<b>s. Outros servizos</b>	<b>7</b>

O paro rexistrado en Meis concéntrase nas idades medias e maduras, con especial incidencia nos tramos de 50 a 64 anos, que representan máis da metade do total das persoas desempregadas. Este patrón indica un envellecemento do paro e dificultades de reinserción laboral a partir dos 50 anos.


Por sexo, obsérvase unha maior presenza feminina no desemprego a partir dos 50 anos, especialmente no tramo de 55 a 59 anos (20 mulleres fronte a 9

homes) e tamén en 50 a 54 anos (15 mulleres fronte a 7 homes). Pola contra, entre as persoas menores de 40 anos a distribución é máis equilibrada e mesmo lixeiramente superior nos homes.

**Gráfico 9. Paro rexistrado segundo os grupos quincenais de idade por sexo. Marzo 2024**



**Gráfico 10. Paro rexistrado segundo xénero e sector de actividade. Metodoloxía SISPE-IGE (Marzo 2024)**




O paro rexistrado en Meis ascende a 144 persoas, das cales o 59,7 % son mulleres (86) e o 40,3 % homes (58), o que evidencia unha feminización do desemprego a nivel local.

Por sectores, o paro feminino concéntrase claramente nos servizos, con 64 mulleres fronte a 24 homes, o que representa máis do 74 % do total feminino, reflectindo a súa maior presenza en ocupacións vinculadas ao coidado, comercio ou hostalaría. Pola contra, o paro masculino está máis distribuído, con presenza destacada na industria (14 homes) e na construción (12), mentres que apenas se rexistran mulleres nestes sectores.

As cifras confirman a persistencia da segregación laboral por xénero, coa poboación feminina máis afectada pola precariedade e a falta de oportunidades nos servizos, e coa masculina concentrada en sectores máis cíclicos como a construción e a industria.

En 2024, o Concello de Meis contaba con 1.242 persoas pensionistas, o que supón unha parte moi significativa da súa poboación total. A distribución por sexo é practicamente equilibrada, con 628 mulleres (50,5 %) e 614 homes (49,5%).

**Gráfico11. Número de pensionistas da Seguridade Social. Meis (2024).**



A continuación, analizamos a media do importe das pensións que recibe este grupo, comparándoo coa media provincial e tendo en conta a variable sexo/xénero.

***Táboa 9. Comparativa do importe medio de pensións, por sexo. Meis-Provincia (2023).***

<b>IMPORTE MEDIO</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>	<b>Total</b>
<b>Meis</b>	956,27 €	1.185,02	1.069,36
<b>Pontevedra (provincia)</b>	1.101,22	1.455,90	1.277,38

O importe medio das pensións no Concello de Meis sitúase en 1.069,36 €, por baixo da media provincial (1.277,38 €), o que indica un nivel de rendas de xubilación inferior ao conxunto de Pontevedra.

A análise por sexo amosa unha brecha económica significativa: as mulleres perciben de media 956,27 €, fronte aos 1.185,02 € dos homes, é dicir, un 19 % menos. Esta diferenza responde á fenda salarial e laboral acumulada ao longo da vida, derivada de traxectorias laborais máis fragmentadas, empregos a tempo parcial e períodos dedicados aos coidados.

Unha cuestión interesante a analizar sobre esta cuestión é o número de persoas receptoras de pensións non contributivas (NPC). Estas son prestacións económicas da Seguridade Social que se lles recoñecen ás persoas que, atopándose en situación de necesidade protexible, carecen de recursos suficientes para a súa subsistencia, aínda cando nunca cotizaran ou non o fixeran durante o tempo suficiente.

### ***Táboa 10. Número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas.***

***Meis 2024***

	Total			Homes			Mulleres		
	Total	Invalidez	Xubil.	Total	Invalidez	Xubil.	Total	Invalidez	Xubil.
<b>2024</b>	133	30	103	26	14	12	107	16	91

No ano 2024, había 133 persoas no concello de Meis, das cales 103 corresponden a xubilación e 30 a invalidez. A análise por sexo revela unha clara feminización das pensións de xubilación, con 107 mulleres pensionistas fronte a 26 homes, aínda que as mulleres presentan tamén unha presenza destacada nas pensións por invalidez (16 mulleres fronte a 14 homes).

Estes datos confirman que as mulleres constitúen a maioría das persoas pensionistas, en liña coa súa maior esperanza de vida, pero tamén poñen de manifesto as diferenzas nas traxectorias laborais: as mulleres acceden ás pensións en condicións máis precarias e con importes medios inferiores aos dos homes.

### **POBREZA E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**


Segundo os datos rexistrados no IGE no ano 2022, a media da renda dispoñible bruta por habitante do concello de Meis é de 14.296 euros anuais.

Polo que respecta ás situación de risco de exclusión social, os gráficos 12 e 13 mostran a evolución da poboación beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS) en Meis.

A RISGA é unha axuda destinada a persoas en risco de exclusión social que ofrece unha axuda económica pública para garantir recursos económicos de subsistencia a aquelas persoas que carecen deles. Está destinada a persoas que

se atopan en situación ou risco de exclusión e nas que se verifica a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego. Tamén se teñen en conta outros factores de exclusión como as cargas familiares non compartidas, a rehabilitación social, ser vítima de violencia de xénero, a discapacidade, a emigración, pertencer a unha minoría étnica ou ter exercido a prostitución, entre outras.

**Gráfico 12. Evolución de persoas beneficiarias da RISGA no Concello de Meis, por sexo (Ano 2014-2024)**




A evolución das persoas beneficiarias da RISGA en Meis entre 2014 e 2024 mostra unha forte tendencia descendente, pasando de 9 persoas en 2014 e 2015 a só 4 en 2024. A redución foi especialmente acusada ata 2017, cando o número de titulares caeu a 1, e mantívose desde entón con valores moi baixos e estables.

Por sexo, obsérvase unha maior presenza feminina na percepción da RISGA durante todo o período, cunha diferenza constante respecto aos homes e un repunte significativo en 2022 (7 mulleres). Pola contra, desde 2018 non se

rexistran homes beneficiarios, o que indica unha feminización crecente das situacións de vulnerabilidade económica.

Estes datos reflicten que, aínda que o número total de persoas perceptoras é reducido, a RISGA segue a cumprir un papel esencial como rede de protección para mulleres en situación de exclusión social, moitas delas con cargas familiares ou en situación de desemprego prolongado.

**Gráfico 13. Evolución de persoas beneficiarias da AIS no Concello de Meis , por sexo (Ano 2014-2024)**



Existen outras axudas, como as de inclusión social (AIS), que son de carácter puntual e están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes ante situacións puntuais de grave emerxencia. Esta axuda en Meis mostra unha incidencia moi reducida. Entre o ano 2014 e 2024, no concello de Meis, tan só 2 persoas foron beneficiarias desta axuda e ambas no ano 2015.

Con respecto ás persoas con discapacidade, no concello de Meis rexístranse no ano 2024, 524 persoas con discapacidade, 316 mulleres e 208 homes. A táboa que se presenta a continuación recolle os datos do 2016, último do que hai

registro no Instituto Galego de Estatística e mostra que existe unha maior presenza feminina nos niveis máis altos de grao. A distribución por tipo amosa que as discapacidades físicas son as máis frecuentes, seguidas das psíquicas e das sensoriais.

Na discapacidade física, destaca unha presenza feminina moi superior en todos os tramos, especialmente a partir do 65% de grao, onde as mulleres duplicaban aos homes. Nas psíquicas, a diferenza é máis equilibrada, aínda que tamén se mantén unha maior proporción de mulleres nas franxas de maior gravidade. Pola contra, nas discapacidades sensoriais predominaban lixeiramente os homes, sobre todo nos graos medios.

**Táboa 11. Persoas con discapacidade segundo tipo e grao, por sexo. Meis (2016)**

	Do 33% ao 64%			Do 65% ao 74%			75% ou máis		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Física</b>	16	67	99	113	35	78	13	28	45
<b>Psíquica</b>	40	16	24	60	25	35	37	19	18
<b>Sensorial</b>	27	16	11	23	9	14	23	14	9

## **VIOLENCIA DE XÉNERO**


Neste apartado recolleemos a información dos últimos anos referida aos delitos de violencia de xénero, a partir dos datos obtidos no portal estatístico da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero e do Consello Xeral do Poder Xudicial. Nesta recollida de datos, atopámonos coa dificultade de recompilar as cifras a nivel municipal. O dato máis próximo é o recollido a partir dos partidos xudiciais. O partido xudicial de Cambados é un dos 45 partidos nos que se divide a comunidade autónoma de Galicia e comprende os concellos de Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia e Sanxenxo. Para analizar estes

datos debemos ter en conta que, o concello de Meis é o menos numeroso do Partido Xudicial.

En primeiro lugar, achegámonos aos datos xerais do número de mulleres asasinadas a mans dos seus agresores no estado español e na comunidade autónoma ata o ano 2024.


**Gráfico 14. Evolución do nº de vítimas mortais por violencia de xénero.**

**España-Galicia (2012-2024)**



No ano 2024, 48 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero, cinco delas en Galicia. Se atendemos aos datos do partido xudicial de Cambados atopamos que no ano 2023 rexistráronse 232 denuncias por violencia de xénero, 4 denuncias foron presentadas directamente pola vítima no xulgado, 141 en dependencias policiais por denuncia da vítima, 5 por denuncia dun familiar e 84 por intervención directa da policía.

**Gráfico 15. Evolución do nº de denuncias por violencia de xénero. Partido xudicial de Cambados 2014-2024**




A evolución do número de denuncias presentadas no partido xudicial de Cambados entre o ano 2014 e o 2024 mostra flutuacións significativas ao longo da última década, sen unha tendencia claramente descendente.

O valor máis alto rexístrase no ano 2023, con 232 denuncias, seguido de 2014 (196) e 2019 (190). Pola contra, o período máis baixo sitúase entre 2016 e 2017, cando se contabilizaron 127 e 136 denuncias, respectivamente.

Tras o descenso observado entre 2014 e 2016, prodúcese unha recuperación progresiva ata 2019, unha nova caída en 2020 (145, coincidente co contexto da pandemia e o confinamento) e un incremento continuado ata o máximo de 2023, seguido dunha nova baixada en 2024 (159).

Esta evolución suxire que, aínda que existe unha variabilidade anual, as denuncias por infraccións ou conflitos sociais manteñen niveis relativamente altos, o que pode interpretarse como reflexo dun maior acceso á denuncia e visibilización dos conflitos, pero tamén como un indicador de tensións sociais persistentes.

**Gráfico 16. Evolución da forma de terminación. Partido Xudicial de Cambados (2017-2024)**



A análise da evolución das formas de terminación das denuncias por violencia de xénero no partido xudicial de Cambados mostra que a maioría dos procedementos finalizan por sobresemento provisional, que se mantén como a vía máis frecuente en todo o período analizado. Entre 2017 e 2024, esta modalidade oscila entre o 31,6 % (2019) e o 62 % (2023) dos casos, o que evidencia a dificultade para soste-lo proceso ata a obtención dunha sentenza firme.

As sentenzas condenatorias presentan unha variación moderada, situándose xeralmente entre o 15 % e o 20 % das resolucións (cun máximo do 27,7 % en 2018), mentres que as sentenzas absolutorias manteñen valores baixos, arredor do 1–5 %, sen amosar unha tendencia clara.

Nos últimos anos increméntanse tamén os casos elevados a outras instancias, que en 2024 representan o 25,4 % das terminacións, o valor máis alto de toda a serie. Pola contra, os sobresementos libres e outras formas de finalización (arquivos, inhibicións ou desistencias) manteñen unha presenza minoritaria.

En conxunto, a tendencia reflicte unha alta taxa de sobresementos e baixa proporción de condenas, patrón que se repite noutros partidos xudiciais e que amosa a persistencia de dificultades probatorias, reticencias á denuncia e procesos complexos tanto a nivel xudicial como social. Estes datos reforzan a necesidade de mellorar os mecanismos de acompañamento ás vítimas, de reforzar a coordinación institucional e de garantir que as mulleres dispoñan de información, apoio e protección adecuados para soste-lo proceso xudicial ata o seu remate.

O CIM da Mancomunidade do Salnés ofrece atención psicolóxica, xurídica e orientación sociolaboral ás mulleres dos concellos de Meis, Cambados, Meaño, Ribadumia e Vilanova de Arousa.

## CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA

A análise sociodemográfica do Concello de Meis permite identificar unha serie de tendencias estruturais que condicionan directamente o deseño e aplicación das políticas municipais de igualdade:

- **Perda poboacional e envellecemento progresivo.** Meis experimenta unha diminución continuada da súa poboación na última década, cunha redución do 6,6 % entre 2014 e 2024. O saldo vexetativo negativo, consecuencia dunha natalidade moi baixa e dunha alta mortalidade, reflicte un proceso sostido de envellecemento. As proxeccións para 2039 confirman este fenómeno, cunha idade media superior aos 51 anos e un índice de envellecemento que supera amplamente a media galega.
- **Feminización do envellecemento e da dependencia:** as mulleres presentan maior esperanza de vida e representan a maioría da poboación maior de 65 anos, o que se traduce nun envellecemento máis acusado e nunha maior carga de dependencia feminina. Ademais, son quen con

maior frecuencia asumen os coidados familiares, polo que este fenómeno require políticas específicas de apoio aos coidados e ao benestar das mulleres maiores.

- **Densidade e estrutura territorial rural:** cunha densidade de 90,5 hab./km<sup>2</sup>, Meis sitúase claramente por debaixo das medias provincial e comarcal, evidenciando un carácter rural e disperso. Esta estrutura inflúe no acceso a servizos, na mobilidade e na conciliación, aspectos que deben considerarse nas medidas de igualdade.
- **Equilibrio por sexo, pero desigualdade estrutural:** a proporción de mulleres e homes é relativamente equilibrada, mais as desigualdades fanse visibles nos indicadores sociais e laborais: as mulleres presentan maiores taxas de desemprego, salarios máis baixos, maior presenza en contratos a tempo parcial e menor acceso a empregos indefinidos.
- **Mercado laboral precario e segregado por xénero:** o mercado laboral local caracterízase pola alta temporalidade e pola segregación horizontal. Os homes concéntranse na agricultura, industria e construción, mentres que as mulleres predominan nos servizos, especialmente en ocupacións asociadas aos coidados, hostalaría e comercio. Isto perpetúa brechas salariais e de estabilidade.
- **Fenda económica nas pensións e precariedade feminina acumulada:** o importe medio das pensións das mulleres (956,27 €) é un 19 % inferior ao dos homes, reflexo das desigualdades laborais ao longo da vida. Ademais, as mulleres son maioría entre as beneficiarias de pensións non contributivas, o que amosa a súa maior vulnerabilidade económica na etapa de xubilación.
- **Baixa presenza migratoria, pero potencial integrador:** a poboación estranxeira representa só o 2,55 % do total, con equilibrio entre homes e

mulleres. Aínda que a incidencia é reducida, esta presenza pode contribuír á renovación demográfica, polo que cómpre favorecer políticas de integración e acollida con perspectiva de xénero.

- **Discapacidade e vulnerabilidade feminina:** a maioría das persoas con discapacidade son mulleres, especialmente nos graos máis altos e nas discapacidades físicas. Isto reforza a necesidade de integrar a discapacidade no deseño das políticas de igualdade, con medidas de accesibilidade, apoio e participación activa.
- **Feminización da pobreza e das axudas sociais:** as mulleres constitúen a maioría das beneficiarias da RISGA e das axudas sociais, o que reflicte a súa maior exposición ao desemprego, á precariedade e ás cargas familiares non compartidas.
- **Violencia de xénero e dificultades xudiciais persistentes:** os datos do partido xudicial de Cambados mostran un número estable de denuncias por violencia de xénero e unha elevada taxa de sobresementos provisionais, o que evidencia as dificultades para chegar a condenas firmes. Estes resultados subliñan a necesidade de reforzar a protección, o acompañamento integral e a coordinación institucional co CIM da Mancomunidad do Salnés.

# **CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE RESTROSPECTIVA**

# CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE RETROSPECTIVA

A revisión do I Plan de Igualdade (2011–2014) e das actuacións municipais desenvolvidas nos últimos anos permite extraer unha serie de conclusións fundamentais para orientar o novo Plan de Igualdade 2025–2029:

## 1. **Compromiso municipal consolidado pero sen estrutura formal**

O Concello de Meis mantivo unha liña continuada de acción en materia de igualdade, visible nas campañas do 8M e 25N, nos programas de conciliación e nas actividades culturais e educativas. Porén, a ausencia dun plan vixente durante máis dunha década provocou unha falta de coordinación, seguimento e avaliación sistemática das accións realizadas.

## 2. **O I Plan 2011–2014: un punto de partida valioso mais pouco operativo**

O primeiro plan representou un avance relevante ao introducir a planificación estratéxica en igualdade, pero presentaba medidas amplas e pouco concretas, sen cronograma nin responsables definidos. O exceso de accións simbólicas e a ausencia dun sistema de avaliación impediron coñecer o seu impacto real.

## 3. **Continuidade e visibilidade como logros clave**

A programación municipal mantivo viva a igualdade como eixo de acción pública, destacando iniciativas de alto impacto social como o *LudoMeis*, as *andainas solidarias*, os *obradoiros de apoderamento* e as *accións do Orgullo LGTBIQ+*. Estas actividades favoreceron a sensibilización, a participación cidadá e a visibilidade da diversidade.

#### 4. **Limitacións estruturais e ámbitos desatendidos**

A maioría das actuacións tiveron carácter puntual e centrado en efemérides, sen consolidarse como programas estables. Áreas como saúde e benestar, participación cidadá, asociacionismo feminino ou prevención da violencia de xénero contan con escasa continuidade e precisan maior desenvolvemento estratéxico.

#### 5. **Necesidade de profesionalización e seguimento técnico**

Non existe un órgano estable nin unha comisión de igualdade que garanta a coordinación entre áreas municipais e o seguimento das medidas. A definición dun equipo técnico ou grupo de traballo é clave para asegurar a execución, avaliación e continuidade das políticas de igualdade.

#### 6. **Avances na perspectiva de xénero e diversidade**

As actuacións recentes incorporan con maior forza a mirada interseccional, integrando contidos sobre diversidade sexual e de xénero, coidados e benestar emocional, o que amosa unha evolución positiva cara a unha igualdade máis ampla e actualizada.

#### 7. **Aprendizaxes para o novo Plan 2025–2029**

As experiencias acumuladas evidencian a importancia de consolidar programas estruturais (especialmente en conciliación, educación e prevención da violencia), incorporar indicadores medibles, reforzar a avaliación, promover o asociacionismo e garantir a transversalidade da igualdade en todas as áreas municipais.

En síntese, Meis conta cunha base sólida de compromiso e acción, pero precisa dar un salto cualitativo cara a unha planificación máis estable, medible e sostida

no tempo. O novo Plan de Igualdade deberá converter esta vontade política e social nun modelo municipal de igualdade estruturado, avaliable e transversal, que poña no centro o benestar, a corresponsabilidade e a participación activa das mulleres de Meis en todos os ámbitos da vida comunitaria.

# **DIAGNÓSTICO PARTICIPATIVO**

# DIAGNÓSTICO PARTICIPATIVO

Co obxectivo de obter información relevante por parte do persoal técnico que traballa ao servizo do Concello de Meis , realizouse un modelo de enquisa en *Google Forms* que foi enviado aos diferentes correos electrónicos facilitados.

O cuestionario inicial estruturábase en áreas estratéxicas coa primeira proposta desta. Esta enquisa contaba con preguntas, combinándoas de tipo aberto e pechado, destinadas a coñecer o nivel de sensibilización da cidadanía en diversas temáticas, os obstáculos para a consecución plena da igualdade e un espazo de recepción de achegas para cada área, entre outros aspectos.

A enquisa foi respondida por persoal técnico de Servizos Sociais, área de Intervención, Xuventude, profesorado/dirección dos centros educativos, da Escola Infantil e do CIM da Mancomunidade do Salnés.

A continuación, preséntanse os principais resultados, organizados por área temática:

## **ÁREA 1. Meis en Igualdade: un concello comprometido**

A valoración xeral do compromiso do concello coa igualdade foi positiva, cunha media situada entre 3 e 5 puntos sobre 5. Cinco persoas puntuaron con 4, unha con 5 e outra con 3.

A percepción sobre a comunicación municipal tamén foi maioritariamente favorable: 3 persoas consideran que si é igualitaria e inclusiva, 2 opinan que non e 1 non sabe.

Entre as **barreiras detectadas** destacan:

- Escaso compromiso ou sensibilización noutras áreas municipais.
- Falta de coordinación e sensibilidade comunitaria cara á igualdade.

As **propostas de mellora** céntranse en:

- Fomentar a participación cidadá e o rol activo da comunidade.
- Traballar a educación e sensibilización desde idades temperás.
- Promover unha cultura da diversidade, o respecto e os bos tratos.
- Dispoñer dunha persoa responsable e formada nesta área.
- Implementar políticas de equidade salarial e laboral.
- Realizar charlas formativas ao persoal municipal.

## **ÁREA 2. Igualdade no traballo e no fogar: oportunidades, conciliación e coidados**

A maioría das persoas participantes (5 de 6) non detectan desigualdades significativas entre mulleres e homes no acceso ao emprego ou nas condicións laborais en Meis.

Entre as medidas para **mellorar a empregabilidade**, destacan:

- Formación e acompañamento laboral.
- Promover traballos paritarios.
- Mellorar a asistencia personalizada ás persoas demandantes de emprego.

En canto á **conciliación e os coidados**, as principais necesidades identificadas foron:

- Servizos e recursos para menores e persoas maiores.
- Ampliar a rede de garderías que cubran todo o día e os períodos de vacacións escolares.
- Incrementar o número de prazas na Escola Infantil.
- Apoiar a conciliación familiar tamén no coidado das persoas maiores.

As **propostas máis repetidas** foron:

- Servizos de conciliación familiar para maiores e menores.
- Creación dunha rede estable de garderías e centros de acollida.
- Casas de maiores e ludotecas.
- Axudas económicas a familias para programas como o *Plan Madruga* e o comedor escolar.

### **ÁREA 3. Vivir en igualdade: saúde, participación e autonomía**

A participación das mulleres en espazos de decisión e asociacionismo valorouse cunha media de 3,66 sobre 5.

As **propostas de mellora** inclúen:

- Dar maior visibilidade ás mulleres en todas as etapas da vida.
- Ofrecer formación e acompañamento continuado.
- Fomentar o acceso ás novas tecnoloxías.
- Crear un encontro anual de mulleres para compartir experiencias e fortalecer redes.

Sobre as **temáticas de saúde integral**, coincidencia case unánime en considerar todas fundamentais: saúde física, mental, sexual e emocional. As persoas participantes mencionaron temas concretos como:

- Autoestima e apoderamento.
- Hábitos saudables e educación emocional.
- Prevención de conflitos e coidado da saúde mental.
- Benestar dixital e uso responsable das pantallas.

A educación en igualdade nos centros educativos obtivo tamén unha media de 3,66 sobre 5, mentres que a sensibilización social en valores igualitarios foi valorada con 3,33 sobre 5.

A maioría considera que existen actividades que fomentan a igualdade, aínda que algunhas persoas descoñecen cales son ou consideran que se poderían reforzar

As **suxestións máis destacadas** foron:

- Incorporar medidas proactivas polo respecto e os bos tratos.
- Potenciar actividades de lecer con enfoque igualitario e de prevención da violencia.
- Continuar con cursos, charlas e obradoiros abertos a toda a cidadanía.

#### **ÁREA 4. Da escola á rúa: igualdade para toda a sociedade**

A coordinación entre recursos locais (Concello, servizos sociais, saúde, xustiza e educación) na detección e atención ás vítimas de violencia de xénero obtivo unha media de 3,66 sobre 5, o que indica un nivel medio-alto de coordinación.

En canto á información da poboación sobre recursos de apoio ás vítimas, a percepción foi moderadamente positiva: varias persoas manifestaron estar de acordo ou totalmente de acordo, aínda que algunhas amosaron indecisión.

As **carencias detectadas** fan referencia a:

- Falta de medios e recursos materiais para as vítimas (vivenda, protocolos, seguridade).
- Descoñecemento dalgúns recursos existentes.

As **medidas propostas** céntranse en:

- Protocolos claros e exhaustivos para orientar ás vítimas sobre onde acudir.

- Fortalecer a información e visibilidade dos recursos.
- Apoio psicológico continuado.
- Educación en valores de respecto, empatía e resolución pacífica de conflitos.
- Creación de espazos seguros e persoal especializado de apoio.

### **ÁREA 5. Vidas libres de violencias machistas: prevención, atención e resposta integral**

A coordinación entre recursos foi valorada de novo de forma positiva, con 3 respostas de 4, 3 respostas de 3 e unha moi boa.

Sobre a información á cidadanía, a percepción é similar á área anterior: coñecemento parcial dos recursos dispoñibles e vontade de mellorar a difusión.

As carencias sinaladas repítense: insuficiencia de medios, protocolos e medidas de seguridade, así como descoñecemento dalgúns servizos municipais.

As **prioridades de mellora** inclúen:

- Reforzar a prevención desde a familia, a escola e a sociedade, mediante educación en valores.
- Desenvolver protocolos de actuación e difusión de información accesible.
- Facilitar o acceso a apoio psicológico e acompañamento integral.
- Potenciar unha **mirada proactiva nos bos tratos**, fortalecendo a comunicación asertiva, o respecto e a convivencia saudable.

## ENQUISA Á CIDADANÍA

Co obxectivo de recoller a percepción e opinións da veciñanza sobre a situación da igualdade no municipio, realizouse unha enquisa aberta á poboación de Meis e tamén remitida ao directorio de asociacións de Meis (asociacións culturais, ANPAS, de mulleres, etc.). As respostas permiten identificar necesidades, fortalezas e propostas de mellora en diversos ámbitos: políticas municipais, conciliación, participación social, saúde, educación e prevención das violencias machistas.

### **Percepción xeral sobre a igualdade**

A maioría das persoas participantes considera que o Concello de Meis integra a igualdade nas súas políticas e servizos, con valoracións maioritarias entre 4 e 5 puntos sobre 5, aínda que tamén se detectan voces críticas que sinalan aspectos mellorables. Entre as principais demandas figura axilizar o acceso aos servizos sociais, fomentar máis actividades para promover a igualdade e a convivencia, e visibilizar o papel das mulleres na vida social e laboral do municipio.

Tamén se propón promover a paridade na participación política e no emprego municipal, así como impulsar o asociacionismo feminino, especialmente entre as mulleres novas.

Como propostas, a veciñanza suxire organizar charlas con mulleres emprendedoras ou que traballen en sectores tradicionalmente masculinos, programas educativos para nenos e adolescentes sobre igualdade e respecto, e máis oportunidades para que as mulleres participen en espazos de decisión e responsabilidade.

### **Emprego, coidados e conciliación**

A enquisa reflicte inquietude pola conciliación e os coidados, así como pola falta de igualdade nas oportunidades laborais. A metade das persoas enquisadas non

ten claro se existen as mesmas oportunidades para mulleres e homes, mentres outra parte considera que non.

Sete persoas sinalan ter dificultades para compaxinar o traballo ou os estudos cos coidados de menores ou dependentes, e a maioría identifica que son as mulleres quen asumen principalmente esas tarefas.

Entre as medidas máis demandadas están:

- A creación dun Plan Madruga para familias con crianzas.
- Un centro de día municipal e espazos de socialización para persoas maiores.
- Ludotecas, comedores escolares e servizos de apoio a coidadores/as.
- Servizos de atención a persoas dependentes máis amplos.

Para mellorar a empregabilidade das mulleres, a poboación propón formación adaptada ao mercado laboral, control das empresas con prácticas discriminatorias, asesoramento laboral personalizado e compatibilización dos horarios laborais cos escolares e centros de día.

### **Participación e apoderamento**

A participación social é moderada: aproximadamente a metade das persoas enquisadas participa en asociacións ou actividades culturais e deportivas, mentres que a outra metade non.

Entre as propostas para fomentar o apoderamento feminino destacan:

- Actividades culturais e deportivas mixtas, tamén descentralizadas nas parroquias.
- Maior coordinación entre as asociacións de mulleres rurais e o impulso do asociacionismo de mulleres novas.

- Talleres por idades sobre apoderamento, autoestima e coidado emocional, que favorezan o sentimento de grupo e a redución da autoesixencia.
- Corresponsabilidade nos coidados familiares como condición clave para a igualdade real.

### **Saúde e benestar**

A saúde mental, física e sexual aparece como un dos temas prioritarios. A cidadanía amosa preocupación polo aumento de casos de depresión e ansiedade, pola falta de atención psicolóxica pública suficiente, e pola carga emocional que soportan moitas mulleres.

As propostas máis repetidas son:

- Incrementar os recursos de atención psicolóxica municipal.
- Promover hábitos saudables e actividade física non vinculada á estética, senón ao benestar.
- Traballar a educación sexual desde o consentimento e o pracer.
- Ofrecer actividades prácticas de prevención da saúde mental, física e sexual.

### **Educación e valores igualitarios**

As opinións sobre a transmisión de valores igualitarios á mocidade son diversas, o que amosa percepcións dispares sobre o grao de igualdade real no ámbito educativo e familiar.

Os espazos nos que se identifican máis estereotipos de xénero son a familia, a escola, os medios de comunicación, as redes sociais e o deporte.

As campañas de sensibilización máis valoradas son as que:

- Promoven o bo trato e a prevención de conflitos interpersoais.

- Incorporan actividades culturais e teatrais para a infancia e adolescencia.
- Inclúen ás familias como axentes de cambio.
- Abordan o respecto, o compañeirismo e a diversidade desde idades temperás.

Para fomentar referentes igualitarios entre nenos, nenas e mozas, propónse charlas con mulleres de diferentes profesións, materiais visuais e cómics elaborados por autoras, e espazos de expresión libre e acompañamento nos centros educativos.

### **Violencias machistas**

A maioría das persoas enquisadas considera que as mulleres non dispoñen de información suficiente sobre os recursos fronte á violencia de xénero, aínda que varias recoñecen a existencia de casos no municipio.

As propostas para mellorar a prevención e atención inclúen:

- Máis difusión dos recursos existentes e campañas visibles tamén para nenos e nenas.
- Atención temperá e discreta ás vítimas.
- Protección efectiva e acompañamento integral.
- Educación en valores de respecto e convivencia desde a familia e a escola.

### **Outras reflexións**

Nas respostas abertas, a veciñanza manifesta o desexo de seguir avanzando en igualdade e solidariedade, pedindo priorizar o apoio ás familias vulnerables, manter un Meis limpo, humano e comprometido, e destinar recursos a necesidades sociais máis aló das festas.

Tamén hai mensaxes de agradecemento ao Concello polo traballo realizado e pola vontade de mellora, así como a disposición de novas veciñas e veciños a participar activamente e coñecer mellor as iniciativas municipais.

# **CONTEXTO NORMATIVO E PRAGMÁTICO**

## CONTEXTO NORMATIVO E PRAGMÁTICO

O II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Meis susténtase nun amplo e sólido marco normativo que orienta as políticas públicas de igualdade a nivel internacional, europeo, estatal e autonómico. Este conxunto de disposicións e compromisos serve de guía para asegurar que a acción municipal se desenvolva con coherencia, eficacia e perspectiva de xénero en todos os ámbitos.

### COMPROMISOS INTERNACIONAIS

A defensa dos dereitos das mulleres e a igualdade real entre mulleres e homes constitúen un principio fundamental recollido en diferentes instrumentos internacionais, entre os que destacan:

→ **Carta das Nacións Unidas (1945)**: consagra a igualdade de dereitos entre mulleres e homes como un dos valores fundacionais da comunidade internacional.

→ **Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)**: afirma que todas as persoas nacen libres e iguais en dignidade e dereitos, sen distinción de sexo (art. 1 e 2).

→ **Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW, 1979)**: considerada a pedra angular da igualdade de xénero a nivel global; España ratificouna en 1983, comprometéndose a aplicar políticas activas neste eido.

→ **Declaración e Plataforma de Acción de Beijing (1995)**: establece 12 áreas prioritarias para avanzar cara á igualdade efectiva, incluíndo educación, saúde, participación política e eliminación da violencia de xénero.

→ **Resolución 1325 do Consello de Seguridade da ONU (2000)**: recoñece o papel esencial das mulleres na prevención e resolución de conflitos e nos procesos de paz.

→ **Convenio de Istambul (2011)**: primeiro instrumento xurídico europeo vinculante en materia de prevención e loita contra a violencia contra as mulleres; España ratificouno en 2014.

→ **Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS):** o ODS 5 propón acadar a igualdade de xénero e apoderar a todas as mulleres e nenas, e o enfoque de xénero intégrase tamén noutros obxectivos como o 1 (fin da pobreza), 4 (educación de calidade) ou 8 (traballo decente).

## MARCO DA UNIÓN EUROPEA

A construción da igualdade de xénero é tamén unha prioridade da Unión Europea, que consolidou ao longo das décadas un corpo legislativo e programático cada vez máis sólido:

→ **Tratado de Roma (1957):** introduce o principio de igualdade salarial como fundamento do proxecto europeo.

→ **Carta de Dereitos Fundamentais da UE (2000):** o seu artigo 23 reconece a igualdade entre mulleres e homes como dereito fundamental.

→ **Directivas clave:**

- **2006/54/CE** sobre igualdade de trato no emprego e nas condicións laborais.
- **2012/29/UE** que garante os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, incluídas as de violencia de xénero.

→ **Estratexia Europea para a Igualdade de Xénero 2020–2025:** establece como prioridades a eliminación da violencia machista, a igualdade salarial e a presenza equilibrada de mulleres e homes nos espazos de decisión e liderado.

## LEXISLACIÓN ESTATAL

España conta cun marco legal avanzado e en constante actualización que orienta a acción das administracións públicas cara á igualdade real e á erradicación da violencia machista:

<b>→ Constitución Española (1978)</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>○ Artigo 14: recoñece o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.</li><li>○ Artigo 9.2: obriga aos poderes públicos a promover as condicións para que a igualdade sexa efectiva.</li></ul>
<b>→ Lei Orgánica 1/2004</b> , de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
<b>→ Lei Orgánica 3/2007</b> , para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que introduciu a transversalidade de xénero en todas as políticas públicas.
<b>→ Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (2017)</b> , con máis de 290 medidas de carácter integral e interinstitucional.
<b>→ Leis derivadas do Pacto e reformas recentes:</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>○ <b>Real Decreto-Lei 9/2018</b>, que reforza o papel das entidades locais.</li><li>○ <b>Lei 1/2021, de protección das vítimas en situacións de emerxencia.</b></li><li>○ <b>Lei Orgánica 8/2021, de protección á infancia e á adolescencia fronte á violencia</b>, que incorpora o concepto de violencia vicaria.</li><li>○ <b>Lei 15/2022, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.</b></li><li>○ <b>Lei Orgánica 10/2022, de garantía integral da liberdade sexual.</b></li><li>○ <b>Lei 4/2023, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e os dereitos LGTBI.</b></li><li>○ <b>Lei Orgánica 1/2023</b>, que actualiza o dereito á saúde sexual e reprodutiva.</li><li>○ <b>PEIEMH 2022–2025</b>, Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Estado.</li></ul>

## NORMATIVA AUTONÓMICA GALEGA

Galicia tamén desenvolveu un corpo normativo propio en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, que reforza o compromiso institucional coa equidade:

→ <b>Lei 7/2004</b> , para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia.
→ <b>Lei 11/2007</b> , galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ampliada polas seguintes normas:
<ul style="list-style-type: none"><li>○ Lei 12/2016 (trata con fins de explotación sexual).</li><li>○ Lei 14/2021 (violencia vicaria).</li><li>○ Lei 15/2021 (violencia dixital ou en liña).</li></ul>
→ <b>Lei galega de igualdade efectiva de mulleres e homes (2023)</b> : reforza e actualiza o marco autonómico en coherencia coa normativa estatal e europea.
→ <b>Instrumentos de planificación autonómica:</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>○ VIII Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2022–2027.</li><li>○ Plan Galego contra a Trata 2022–2024.</li><li>○ II Plan de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022–2025.</li></ul>

## COMPROMISO MUNICIPAL

O Concello de Meis mantén dende hai anos unha aposta firme e sostida pola igualdade real entre mulleres e homes. Esta vontade política materialízase a través da planificación estratéxica, da coordinación institucional e da posta en marcha de programas e accións que promoven o benestar, a corresponsabilidade e a prevención das violencias machistas.

Aínda que o anterior e primeiro Plan de Igualdade (2011–2014) xa sentou as bases para o traballo neste ámbito, o Concello continuou impulsando múltiples iniciativas e proxectos orientados á igualdade, sen interrupción no compromiso.

Así, ao longo dos últimos anos desenvolvéronse programas de conciliación e coidados, actividades de sensibilización e formación, accións de visibilización nas datas clave e protocolos de coordinación para a atención ás vítimas de violencia de xénero, fortalecendo a resposta municipal ante situacións de vulnerabilidade.

Este II Plan de Igualdade dá continuidade e estrutura a ese labor constante, integrando os avances conseguidos e adaptándose ás novas necesidades detectadas. Supón un paso máis na construción dun Meis máis igualitario, inclusivo e libre de violencias, no que a igualdade de xénero se consolida como principio transversal de todas as políticas públicas locais.

# **PRINCIPIOS DO PLAN**

## PRINCIPIOS DO PLAN

O II Plan de Igualdade do Concello de Meis inspírase nun conxunto de principios reitores que orientan a súa filosofía, metodoloxía e execución práctica. Estes principios establecen o marco conceptual e político sobre o que se sustenta o compromiso municipal coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, co obxectivo de avanzar cara a un concello máis xusto, inclusivo e libre de discriminacións.

### IGUALDADE

A igualdade entre mulleres e homes constitúe o eixo central deste Plan. Implica recoñecer e actuar sobre os desexos, necesidades e condicións específicas de mulleres e homes, garantindo o exercicio efectivo dos seus dereitos en todos os ámbitos da vida social, económica, política e cultural.

### TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

O principio de transversalidade supón integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas municipais, tanto na planificación como na execución e avaliación. A igualdade non debe limitarse a accións concretas, senón estar presente en cada decisión, programa e servizo municipal.

### INTERSECCIONALIDADE

O Plan recoñece que as desigualdades non se explican só polo xénero, senón tamén pola interacción con outras variables como a idade, a orientación sexual, a orixe, a clase social, a discapacidade ou o territorio. A aplicación deste principio permite entender a diversidade das mulleres e adaptar as políticas municipais ás súas diferentes realidades, evitando enfoques únicos e promovendo respostas máis xustas e inclusivas.

## **PARTICIPACIÓN SOCIAL**

O Plan aposta por procesos participativos que dean voz ás mulleres, aos colectivos sociais e ao persoal técnico municipal, promovendo o diálogo e a corresponsabilidade. A participación é clave tanto na diagnose, deseño e avaliación das políticas de igualdade como na súa implantación efectiva no territorio.

## **APODERAMENTO DAS MULLERES E DIVERSIDADE**

O apoderamento é entendido como o proceso polo cal as mulleres recoñecen, fortalecen e exercen o seu poder persoal e colectivo para transformar a súa realidade. O Concello de Meis comprométese a crear condicións que favorezan a autonomía, a independencia económica, a liberdade de decisión e o liderado das mulleres en todos os ámbitos.

Este principio tamén incorpora unha mirada á diversidade, recoñecendo e valorando a pluralidade de identidades, orientacións e experiencias vitais presentes no municipio.

## **COOPERACIÓN E COORDINACIÓN INSTITUCIONAL**

A igualdade de xénero require unha resposta conxunta e articulada entre os diferentes departamentos municipais e entre o Concello e outras administracións públicas. Este principio promove a colaboración e o traballo en rede con entidades sociais, educativas, sanitarias e xudiciais, garantindo unha atención integral e eficaz ás necesidades da cidadanía e unha resposta coordinada ante situacións de desigualdade ou violencia de xénero.

**METODOLOGÍA E  
ESTRUTURA  
MATRIZ  
DO PLAN**

# METODOLOXÍA E ESTRUTURA MATRIZ DO PLAN

Neste capítulo preséntase o proceso metodolóxico desenvolvido para a elaboración do II Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Meis, estruturado en tres fases fundamentais:

## **FASE DIAGNÓSTICA: ANÁLISE DA SITUACIÓN**

O punto de partida foi coñecer con precisión o estado da igualdade no municipio. Para iso, empregouse unha metodoloxía mixta, combinando análise cuantitativa e cualitativa. As principais accións foron:

- ➔ Revisión dos resultados e aprendizaxes do anterior Plan de Igualdade, identificando medidas a manter, reformular, reforzar ou incorporar.
- ➔ Análise de datos sociodemográficos e socioeconómicos relevantes do concello a partir de fontes oficiais como o IGE, SEPE, Padrón Municipal e outros rexistros dispoñibles.
- ➔ Recollida de información en clave diagnóstica a través da consulta a persoal municipal, equipos técnicos, centros educativos, asociacións locais, tecido social e veciñanza do municipio.

## **FASE DE ELABORACIÓN DO PLAN**

A partir da diagnose, definiuse a estrutura e as prioridades do novo Plan, establecendo:

- ➔ As áreas estratéxicas de acción adaptadas á realidade das mulleres do concello de Meis.
- ➔ Os obxectivos estratéxicos e operativos de cada área.

- As medidas concretas a desenvolver nos vindeiros anos, fruto das necesidades detectadas, das propostas recollidas e dos retos prioritarios do municipio.

## **FASE DE CONSENSO E APROBACIÓN**

Unha vez redactado o documento, elaborouse a versión final do II Plan de Igualdade do Concello de Meis para:

- A súa presentación ao goberno municipal.
- A súa revisión e validación polos diferentes grupos políticos da Corporación.
- A súa aprobación definitiva para a posta en marcha como ferramenta central das políticas de igualdade no municipio.

O Plan de Igualdade do Concello de Meis estrutúrase como un instrumento estratéxico e operativo, organizado en **áreas, obxectivos e medidas**, deseñado para facilitar a súa implementación, seguimento e avaliación durante o período de vixencia do mesmo (2025-2029).

A matriz do plan permite establecer unha relación clara entre as necesidades detectadas no diagnóstico, os resultados que se pretenden acadar e as accións concretas planificadas para logralos, garantindo coherencia, viabilidade e impacto no contexto municipal.

A estrutura parte dun obxectivo xeral por cada área de intervención, do que derivan os obxectivos específicos que delimitan as prioridades de actuación. Estes concrépanse en medidas operativas, definidas en termos de acción (verbos de execución), orientadas a resultados e adaptadas ás capacidades e recursos dun concello de proximidade como Meis. Cada medida está asociada a indicadores básicos que facilitarán a súa medición posterior, así como a unha temporalización estimada e axentes responsables implicados na súa execución.

O plan articúlase en cinco áreas estratéxicas:

**Área 1. Meis en igualdade: un Concello comprometido**

**Área 2. Igualdade no traballo e no fogar: oportunidades, conciliación e coidados**

**Área 3. Vivir en igualdade: saúde, participación e autonomía**

**Área 4. Da escola á rúa: igualdade para toda a sociedade**

**Área 5. Vidas libres de violencias machistas: prevención, atención e resposta integral**

**ÁREA 1. MEIS EN IGUALDADE: UN CONCELLO COMPROMETIDO**

- 1.1 Fortalecer a capacitación do persoal municipal en igualdade e violencia de xénero.
- 1.2 Mellorar a incorporación da perspectiva de xénero na planificación, execución e avaliación das actuacións municipais.
- 1.3 Consolidar sistemas de coordinación interna e con outros servizos públicos clave.
- 1.4 Garantir unha comunicación institucional inclusiva, próxima e respectuosa coa diversidade.

**ÁREA 2. IGUALDADE NO TRABALLO E NO FOGAR: OPORTUNIDADES, CONCILIACIÓN E COIDADOS**

- 2.1 Favorecer a empregabilidade e o emprendemento das mulleres do municipio.
- 2.2 Apoiar ás familias e aos fogares na conciliación da vida laboral e persoal
- 2.3 Visibilizar e recoñecer o labor dos coidados, promovendo corresponsabilidade
- 2.4 Impulsar a colaboración coa economía local para aplicar criterios de igualdade e conciliación

**ÁREA 3. VIVIR EN IGUALDADE: SAÚDE, PARTICIPACIÓN E AUTONOMÍA**

- 3.1 Impulsar a participación das mulleres na vida comunitaria e asociativa local.
- 3.2 Promover o benestar físico, emocional e social da poboación, , con especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidades e desigualdades de xénero.
- 3.3 Facilitar espazos seguros e accesibles para o encontro, a aprendizaxe e o apoio mutuo

**3.4** Reforzar a información e o acceso a recursos en saúde, benestar e dereitos.

#### **ÁREA 4. DA ESCOLA Á RÚA: IGUALDADE PARA TODA A SOCIEDADE**

**4.1** Fomentar a educación en igualdade e prevención da violencia nas etapas educativas e no ámbito comunitario.

**4.2** Visibilizar referentes femininos e promover modelos de masculinidade igualitaria e corresponsable.

**4.3** Sensibilizar á poboación sobre estereotipos de xénero, relacións sans e diversidade

**4.4** Incorporar a perspectiva de xénero na programación municipal, cultural e deportiva.

#### **ÁREA 5. VIDAS LIBRES DE VIOLENCIAS MACHISTAS: PREVENCIÓN, ATENCIÓN E RESPONSA INTEGRAL**

**5.1** Reforzar a detección temperá, derivación e coordinación ante situacións de violencia machista.

**5.2** Asegurar atención próxima, acompañamento e información accesible ás mulleres vítimas e á cidadanía.

**5.3** Promover unha cultura municipal de prevención e sensibilización fronte ás violencias machistas.

# **PROGRAMA DE MEDIDAS**

**ÁREA 1. MEIS EN  
IGUALDADE: UN CONCELLO  
COMPROMETIDO**

## **ÁREA 1. MEIS EN IGUALDADE: UN CONCELLO COMPROMETIDO**

A incorporación da perspectiva de xénero na esfera municipal constitúe un principio fundamental para garantir políticas públicas eficaces, xustas e sensibles ás necesidades reais da cidadanía. A igualdade entre mulleres e homes non pode entenderse como un ámbito de actuación illado nin como un conxunto de accións puntuais asociadas a datas ou campañas específicas. Pola contra, debe ser un eixo vertebrador da actividade municipal, presente na planificación, execución e avaliación das políticas locais, así como na dinámica interna de funcionamento organizativo.

Neste sentido, a transversalidade de xénero implica integrar de maneira sistemática a análise das desigualdades entre mulleres e homes en todos os procesos e decisións políticas, garantindo respostas adecuadas, sostibles e contextualizadas á realidade social de Meis. As administracións locais teñen un papel clave como axentes transformadores do territorio, tanto pola súa proximidade á cidadanía como pola súa capacidade para promover modelos sociais igualitarios, accesibles e inclusivos. Esta responsabilidade require ferramentas técnicas, coordinación efectiva e un compromiso firme no conxunto da estrutura municipal.

O diagnóstico realizado evidencia unha valoración positiva do compromiso institucional coa igualdade, mais tamén sinala necesidades relevantes: reforzar a coordinación interna, incrementar a sensibilización nalgúns departamentos municipais, mellorar a difusión das actuacións e recursos existentes e consolidar mecanismos de seguimento e avaliación. Á súa vez, identificouse a importancia de impulsar procesos formativos continuados para o persoal político e técnico, ampliar os espazos de comunicación social e contar cunha referencia clara en materia de igualdade.

Por tanto, esta área céntrase en fortalecer a dimensión institucional do compromiso coa igualdade, promovendo un modelo de gobernanza local baseado na corresponsabilidade, na transparencia e na mellora continua. As medidas propostas apostan por consolidar estruturas e procedementos, garantir a capacitación permanente do persoal, incorporar criterios de igualdade en todas as actuacións municipais e incrementar a difusión pública e accesible das políticas de igualdade e dos avances conseguidos.

### **OBXECTIVO XERAL**

**1.** Garantir a incorporación efectiva da perspectiva de xénero en todas as políticas, programas e procesos municipais, reforzando o compromiso institucional coa igualdade e asegurando unha intervención coordinada, sostible e avaliábel.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

**1.1 Fortalecer a capacitación do persoal municipal en igualdade e violencia de xénero.**

**1.2 Mellorar a incorporación da perspectiva de xénero na planificación, execución e avaliación das actuacións municipais.**

**1.3 Consolidar sistemas de coordinación interna e con outros servizos públicos clave.**

**1.4 Garantir unha comunicación institucional inclusiva, próxima e respectuosa coa diversidade.**

### **MEDIDAS**

**1.1 Fortalecer a capacitación do persoal municipal en igualdade e violencia de xénero**

**1.1.1.** Desenvolver formación específica en igualdade e violencia de xénero dirixida ao persoal político e técnico, priorizando contidos prácticos e adaptados ás funcións de cada servizo municipal.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Persoal, Alcaldía, Servizos Sociais. Todas as áreas
- **INDICADORES:** N° de accións formativas anuais; N° de persoas participantes; Grao de satisfacción; % de persoal formado.

**1.1.2.** Establecer un sistema interno de recomendación e derivación a formacións externas (Xunta, Deputación, FEGAMP, EGAP), garantindo un mínimo anual de participación.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Persoal, Alcaldía, Servizos Sociais. Todas as áreas
- **INDICADORES:** N° de formacións externas recomendadas; N° de persoas derivadas; Taxa de participación anual.

## **1.2. Mellorar a incorporación da perspectiva de xénero na planificación, execución e avaliación municipal**

**1.2.1.** Consolidar a integración de datos desagregados por sexo na elaboración de informes municipais e memorias anuais en todas as áreas e departamentos.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Secretaría / Intervención. Todas as áreas
- **INDICADORES:** N° de informes e memorias con datos desagregados; % de áreas que incorporan esta desagregación.

**1.2.2.** Publicar e difundir o II Plan de Igualdade do Concello de Meis entre a cidadanía e axentes socioeconómicos do municipio.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, comunicación
- **INDICADORES:** N° de publicacións en medios e redes; Alcance das publicacións; N° de accións comunicativas anuais

**1.2.3.** Reforzar a difusión, a través da *web*municipal, radio local, prensa e redes sociais, da publicación deste plan e das actuacións que se realicen en materia de igualdade.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, comunicación
- **INDICADORES:** N° de publicacións en medios e redes; N° de accións comunicativas anuais

### **1.3. Consolidar sistemas de coordinación interna e con outros servizos públicos clave**

**1.3.1.** Designar a unha persoa referente en igualdade e a unha comisión con tempo asignado e funcións de coordinación, seguimento e impulso do Plan.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Alcaldía

**INDICADORES:** Persoa designada formalmente; Tempo asignado; N° de accións impulsadas ou coordinadas.

**1.3.2.** Realizar un seguimento continuado do Plan mediante fichas de execución cubertas polos departamentos municipais implicados.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais e Comisión
- **INDICADORES:** N° de reunións celebradas; Actas elaboradas; Nivel de participación das áreas.

**1.3.3.** Consolidar un sistema de coordinación interna mediante reunións anuais entre áreas municipais, Servizos Sociais e CIM.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos sociais e outras áreas implicadas.
- **INDICADORES:** Nº de reunións celebradas; Actas elaboradas; Nivel de participación das áreas.

**1.3.4.** Realizar un informe anual de seguimento do plan, incorporando indicadores e propostas de mellora.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais e Comisión
- **INDICADORES:** Informe anual elaborado; Nº de recomendacións incluídas; Nivel de execución das medidas (%)

**1.3.5.** Establecer canles de coordinación estables con centros educativos, servizos sociais comarcais, CIM e centro de saúde para integrar actuacións e compartir información relevante.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Educación, Sanidade, Seguridade cidadá.
- **INDICADORES:** Nº de encontros ou coordinacións interinstitucionais anuais; Nº de accións conxuntas; Nivel de satisfacción dos axentes implicados.

**1.4. Garantir unha comunicación institucional inclusiva e respectuosa coa diversidade**

**1.4.1.** Crear un espazo permanente e visible na *web*municipal para recursos, servizos e información en materia de igualdade.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Comunicación/ informática, Servizos Sociais
- **INDICADORES:** Espazo creado e activo; N<sup>o</sup> de visitas mensuais; N<sup>o</sup> de recursos dispoñibles.

**1.4.2.** Elaborar un protocolo municipal de comunicación inclusiva, con recomendacións claras sobre linguaxe, imaxe, diversidade e representación equilibrada.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Comunicación. Todas áreas
- **INDICADORES:** N<sup>o</sup> de guías distribuídas; N<sup>o</sup> de accións de sensibilización; % de documentos revisados con linguaxe inclusiva.

**1.4.3.** Fomentar e implantar o protocolo de comunicación para un uso da linguaxe, contidos e imaxes inclusivas en toda a comunicación municipal, distribuindo guías prácticas e realizando accións de sensibilización interna.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Comunicación. Todas as áreas.
- **INDICADORES:** N<sup>o</sup> de accións de sensibilización, n<sup>o</sup> de materiais distribuídos.

**ÁREA 2. IGUALDADE NO  
TRABALLO E NO FOGAR:  
OPORTUNIDADES,  
CONCILIACIÓN E  
CUIDADOS**

## ÁREA 2. IGUALDADE NO TRABALLO E NO FOGAR: OPORTUNIDADES, CONCILIACIÓN E COIDADOS

O emprego e os coidados son dous piares esenciais para garantir o benestar e a autonomía persoal. No contexto dun municipio como Meis, caracterizado polo seu perfil rural, a presenza de pequenas empresas, autónomas e autónomos e un tecido social próximo, a conciliación e o acceso ao traballo en igualdade de condicións constitúen un eixo estratéxico para avanzar cara a unha comunidade máis xusta e cohesionada.

O diagnóstico realizado evidencia que, aínda que non se perciben grandes desigualdades formais no acceso ao emprego entre mulleres e homes, persisten desafíos estruturais que inciden especialmente nas mulleres: a carga dos coidados continúa recaendo de forma maioritaria sobre elas, existen dificultades para compatibilizar horarios laborais e familiares, e a oferta de recursos de conciliación segue a ser limitada en determinados momentos do ano e en zonas rurais dispersas. Xunto a isto, detectouse unha alta presenza de mulleres emprendedoras ou en proceso de emprender, que precisan apoio, acompañamento e visibilidade para consolidar os seus proxectos profesionais.

Neste escenario, o Concello de Meis asume un papel activo como facilitador de oportunidades, impulsando medidas que reforzan a orientación laboral e o emprendemento feminino, consoliden recursos de conciliación como o LudoMeis, e poñan en marcha programas de apoio ás persoas coidadoras, recoñecendo a súa contribución e ofrecéndolles espazos de descanso, aprendizaxe e coidado emocional. Ao mesmo tempo, promoverase a implicación dos homes nos coidados e na corresponsabilidade, avanzando cara a un modelo social onde o coidado non sexa entendido como unha tarefa exclusivamente feminina.

Ademais, fomentarase a colaboración co tecido económico e comercial local para promover prácticas laborais igualitarias, impulsar a formación e sensibilización en materia de igualdade e conciliación, e recoñecer o valor do autoemprego e das iniciativas lideradas por mulleres como motor de dinamización económica e social.

En resumo, esta área busca consolidar un ecosistema local que aposte pola igualdade de oportunidades, que valore o coidado como un ben común e responsabilidade compartida, e que dote ás persoas, especialmente ás mulleres, de ferramentas, apoios e espazos para desenvolver o seu proxecto vital e profesional con liberdade e seguridade.

### **OBXECTIVO XERAL**

**2.** Promover a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia no emprego, facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e fortalecer unha cultura de corresponsabilidade e coidados compartidos na comunidade.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

**2.1 Favorecer a empregabilidade e o emprendemento das mulleres do municipio.**

**2.2 Apoiar ás familias e aos fogares na conciliación da vida laboral e persoal**

**2.3 Visibilizar e recoñecer o labor dos coidados, promovendo corresponsabilidade**

**2.4 Impulsar a colaboración coa economía local para aplicar criterios de igualdade e conciliación**

## MEDIDAS

### 2.1 Favorecer a empregabilidade e o emprendemento das mulleres do municipio

**2.1.1.** Continuación coa derivación á Informadora Xuvenil do Concello, ao servizo de orientación laboral da mancomunidade e a outras entidades que podan ofertar formación e orientación.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego, Servizos Sociais, Xuventude.
- **INDICADORES:** Nº de derivacións.

**2.1.2.** Difusión periódica de recursos e axudas públicas dirixidas a mulleres, conciliación e emprendemento, a través da *web* municipal, redes sociais e puntos de información locais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Comunicación. Emprego
- **INDICADORES:** Nº de publicacións anuais; Alcance estimado das publicacións; Nº de consultas recibidas.

**2.1.3.** Promover e poñer en valor o autoemprego feminino mediante foros ou encontros de mulleres emprendedoras e empresarias da vila, visibilizándoas como referentes locais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego. Servizos Sociais, Cultura
- **INDICADORES:** Nº de encontros realizados; Nº de participantes; Nº de iniciativas visibilizadas; Valoración das participantes.

## 2.2. Apoiar ás familias e aos fogares na conciliación da vida laboral e persoal

**2.2.1.** Continuar fomentando as actividades e prazas da ludoteca municipal, como o servizo LudoMeis e estudando a ampliación de horarios en períodos non lectivos.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación. Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** Nº de prazas ofertadas; Taxa de ocupación; Nº de familias usuarias; Nivel de satisfacción.

**2.2.2.** Explorar a creación de accións de apoio á conciliación para persoas coidadoras de persoas maiores ou dependentes, con espazos de respiro e formación sobre “coidar ás persoas coidadoras”.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** Nº de accións piloto desenvolvidas; Nº de persoas coidadoras participantes; Nivel de satisfacción.

**2.2.3.** Consolidar e ampliar o programa de actividades para mocidade como medida de apoio á conciliación familiar, promovendo lecer creativo e convivencia positiva.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. Cultura. OMIX
- **INDICADORES:** Nº de participantes; Nº de actividades; Grao de satisfacción.

## 2.3. Visibilizar e recoñecer o labor dos coidados, promovendo corresponsabilidade

**2.3.1.** Desenvolver accións con foco na corresponsabilidade, visibilizando o reparto equitativo das tarefas domésticas e de coidado, con especial foco nos homes.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Comunicación, Servizos Sociais, OMIX.
- **INDICADORES:** N° de accións realizadas; Participación masculina; Avaliación de impacto.

**2.3.2.** Desenvolver accións específicas para recoñecer e visibilizar o traballo non remunerado das mulleres no ámbito dos coidados, incluíndo testemuños, datos locais e información en redes.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. Cultura, Comunicación
- **INDICADORES:** N° de accións realizadas; N° de testemuños recompilados; N° de publicacións.

## **2.4. Impulsar a colaboración coa economía local para aplicar criterios de igualdade e conciliación**

**2.4.1.** Sesión formativa anual para empresas e comercios locais sobre igualdade, conciliación e prevención da discriminación laboral.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Desenvolvemento local, Emprego
- **INDICADORES:** N° de sesións impartidas; N° de empresas participantes; Nivel de satisfacción; Cambios detectados en prácticas laborais.

**2.4.2.** Desenvolver actividades específicas dirixidas a homes sobre corresponsabilidade, coidados e conciliación, combinando sensibilización e habilidades prácticas.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, OMIX, Comunicación.
- **INDICADORES:** N° de actividades realizadas; N° de homes participantes; Nivel de implicación e satisfacción; Avaliación cualitativa de cambios de actitude.

**ÁREA 3. VIVIR EN  
IGUALDADE: SAÚDE,  
PARTICIPACIÓN E  
AUTONOMÍA**

## **ÁREA 3. VIVIR EN IGUALDADE: SAÚDE, PARTICIPACIÓN E AUTONOMÍA**

A construción dunha sociedade igualitaria require que as mulleres participen en condicións de liberdade, seguridade e recoñecemento, non só como destinatarias das políticas públicas, senón como protagonistas activas da vida social, cultural e comunitaria. Nun concello rural como Meis, onde as relacións comunitarias, o territorio e as redes de apoio teñen un peso esencial, garantir espazos e oportunidades para o desenvolvemento persoal e colectivo das mulleres convértese nun eixo central da acción municipal.

O diagnóstico realizado evidenciou unha realidade diversa: mulleres con forte presenza na vida social e asociativa, pero tamén barreiras que limitan a súa participación plena, como a carga dos coidados, a dispersión xeográfica, o acceso desigual á información e aos recursos, a brecha dixital en determinados segmentos de idade e a persistencia de modelos tradicionais que condicionan o rol feminino no espazo público. Nesta liña, resulta imprescindible fortalecer iniciativas que non só acompañen ás mulleres, senón que recoñezan e impulsen o seu papel como axentes de transformación local.

Esta área aposta polo fortalecemento das redes femininas existentes, o apoio técnico e institucional ás asociacións de mulleres e a creación de novas oportunidades para o encontro, a aprendizaxe e a cooperación. Ao mesmo tempo, pon o foco na saúde integral como dereito e como dimensión clave do benestar: saúde física, mental, emocional, sexual e social, atendendo de forma especial ás situacións de vulnerabilidade e ao impacto diferencial que teñen os coidados e a sobrecarga emocional nas mulleres, especialmente nas coidadoras.

Esta área aposta polo fortalecemento das redes femininas e o apoio ás asociacións de mulleres, fomentando espazos de encontro, formación e cooperación. Pon o foco na saúde integral ,física, mental, emocional, sexual e

social, como dereito e como base do benestar, prestando especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade e á sobrecarga derivada dos coidados. Tamén busca garantir espazos accesibles e seguros en todas as parroquias, reducir barreiras de participación e achegar recursos e información a todas as veciñas. En conxunto, promove o apoderamento feminino en clave rural, recoñecendo o valor social dos coidados e impulsando a autonomía, a participación e o liderado das mulleres de Meis.

#### **OBXECTIVO XERAL**

3. Favorecer a participación social das mulleres, promover a súa saúde integral e reforzar o seu apoderamento persoal e colectivo, garantindo o acceso equitativo a recursos, espazos e decisións comunitarias.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

**3.1 Impulsar a participación das mulleres na vida comunitaria e asociativa local.**

**3.2 Promover o benestar físico, emocional e social da poboación, , con especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidades e desigualdades de xénero.**

**3.3 Facilitar espazos seguros e accesibles para o encontro, a aprendizaxe e o apoio mutuo.**

**3.4 Reforzar a información e o acceso a recursos en saúde, benestar e dereitos.**

## MEDIDAS

### 3.1. Impulsar a participación das mulleres na vida comunitaria e asociativa local

**3.1.1.** Manter e consolidar o apoio ás asociacións de mulleres, mellorando a súa xestión, asesoramento para acceso a axudas públicas e visibilización do seu labor.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. Cultura. Alcaldía
- **INDICADORES:** N° de asociacións apoiadas; N° de asesoramentos realizados; N° de subvencións solicitadas; N° de accións de visibilización anual.

**3.1.2.** Promover encontros anuais das mulleres do concello e das asociacións como estratexias de apoderamento no marco do 8M, Día da Muller Rural e outras datas.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. Cultura. Alcaldía
- **INDICADORES:** N° de encontros realizados; N° de mulleres participantes; Nivel de satisfacción; Alcance en medios e redes.

**3.1.3.** Promover a participación equilibrada de mulleres e homes nos foros, encontros e xornadas organizadas polo concello.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Alcaldía/Secretaría. Todas as áreas
- **INDICADORES:** % de participación feminina en eventos municipais; N° de accións con equilibrio de representación; Avaliación anual de cumprimento.

**3.1.4.** Fomento da participación das mulleres nos órganos e estruturas comunitarias, ofrecendo acompañamento e formación en participación social e asociativa para fortalecer a voz das mulleres en espazos de decisión.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Participación cidadá, OMIX
- **INDICADORES:** Nº de formacións realizadas; Nº de mulleres participantes; Nº de órganos comunitarios con representación feminina.

**3.2 Promover o benestar físico, emocional e social da poboación, , con especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidades e desigualdades de xénero.**

**3.2.1.** Programa anual de actividades para o benestar integral das mulleres (xestión emocional, movemento consciente, saúde sexual e reprodutiva, menopausa, autocuidado).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Saúde, Educación.
- **INDICADORES:** Nº de actividades anuais; Nº de participantes; Avaliación de satisfacción; Nº de temas tratados.

**3.2.2.** Talleres e charlas sobre saúde mental con perspectiva de xénero (ansiedade, estrés, duelo, violencia psicolóxica, coidados emocionais).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Saúde, Educación.
- **INDICADORES:** Nº de talleres realizados; Nº de participantes; Nivel de satisfacción; Diversidade de temas abordados.

**3.2.3.** Programa de apoio emocional e grupal para mulleres cuidadoras, con espazos de descanso, información e intercambio de experiencias.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de grupos realizados; N° de participantes; Frecuencia dos encontros; Avaliación do impacto emocional.

**3.2.4.** Creación dun calendario estable de actividades comunitarias, garantindo a participación feminina, nas parroquias, combinando cultura, movemento, benestar e participación social (risoterapia, creatividade, manualidades, etc)

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura, OMIX, Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** Calendario anual publicado; N° de parroquias implicadas; N° de actividades e participantes; Avaliación de participación feminina.

**3.2.5.** Colaboración con centros de saúde e profesionais sanitarios para accións conxuntas de prevención e promoción da saúde das mulleres (fibromialgia, menopausia, nutrición no ciclo da muller, etc.).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura. OMIX, Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** N° de accións realizadas conxuntamente; N° de mulleres participantes; Valoración do persoal sanitario.

**3.2.6.** Favorecer a participación e o acceso a recursos das mulleres en situacións de maior vulnerabilidade, mediante difusión específica e acompañamento puntual.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais.

- **INDICADORES:** N° de acompañamentos realizados; N° de mulleres vulnerables participantes; Grao de cobertura territorial.

**3.2.7.** Promover actividades interxeracionais entre mulleres de diferentes idades (obradoiros, encontros culturais ou espazos de conversa) para favorecer o intercambio de experiencias e o apoio mutuo.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura, OMIX.
- **INDICADORES:** N° de actividades interxeracionais; N° de participantes por grupo de idade; Valoración do impacto comunitario.

**3.3. Promover espazos comunitarios femininos próximos e accesibles que favorezan o encontro, o benestar, a actividade física e o apoio mutuo nas parroquias do concello.**

**3.3.1.** Creación de espazos periódicos de encontro para mulleres nas parroquias, priorizando a accesibilidade territorial.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Alcaldía.
- **INDICADORES:** N° de espazos activos; N° de parroquias implicadas; Frecuencia dos encontros; N° de participantes.

**3.3.2.** Realización de camiñatas e andainas en grupo, orientadas á fomentar a saúde, o vínculo social e ocupación activa das mulleres no espazo público.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Deportes, Servizos Sociais, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de camiñadas realizadas; N° de participantes; Km percorridos; Avaliación de benestar e participación.

**3.3.3.** Habilitación e mellora dos espazos públicos seguros e accesibles para actividades comunitarias femininas, incluíndo locais municipais e recursos culturais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura. Urbanismo. Servizos Sociais
- **INDICADORES:** N° de espazos habilitados; N° de actividades realizadas neles; Nivel de accesibilidade; Valoración das usuarias.

**3.4. Reforzar o acceso das mulleres a información, recursos e dereitos, mellorando a súa autonomía persoal, administrativa e sanitaria**

**3.4.1.** Desenvolver obradoiros prácticos de capacitación dixital e administrativa para mulleres (SERGAS, facenda, certificados, trámites en liña, identidades electrónicas e citas sanitarias).

- **ÁREA RESPONSABLE:** OMIX, Servizos Sociais, Emprego.
- **INDICADORES:** N° de obradoiros anuais; N° de mulleres participantes; Nivel de adquisición de competencias.

**3.4.2.** Poñer en marcha unha liña estable de actividades de memoria e visibilización das mulleres, destacando referentes locais e xeracións pasadas (historia, cultura, ciencia, deporte, coidados, ruralidade).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura, Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** N° de actividades realizadas; N° de referentes locais visibilizadas; Alcance en medios; Nivel de participación cidadá.

**3.4.3.** Elaborar e actualizar unha guía municipalde recursos sociais ou folleto sinxelo cos recursos sanitarios e comunitarios, adaptado á realidade de Meis e que se distribúa no centro de saúde, locais sociais e outros espazos relevantes.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Comunicación
- **INDICADORES:** Guía elaborada e distribuída; Nº de exemplares; Nº de descargas; Actualización anual.

**3.4.4.** Garantir a difusión regular de información relevante para as mulleres (axudas, recursos, servizos, formacións, campañas de saúde e igualdade) a través das redes sociais municipais, taboleiros informativos nas parroquias e puntos de referencia comunitaria.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Comunicación. Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** Nº de publicacións anuais; Nº de puntos de información actualizados; Alcance estimado; Feedback das usuarias.

**ÁREA 4. DA ESCOLA À  
RUA: IGUALDADE PARA  
TODA A SOCIEDADE**

## **ÁREA 4. DA ESCOLA Á RÚA: IGUALDADE PARA TODA A SOCIEDADE**

A construción dunha sociedade igualitaria require unha acción constante e sostida na educación, na cultura e na vida comunitaria. A igualdade non se limita ao ámbito institucional, senón que se aprende, practícase e consolídase nos centros educativos, nas familias, nos clubs deportivos, nos espazos culturais e nas relacións que se constrúen no día a día. Nesta liña, o Concello de Meis aposta por unha estratexia que combina a educación afectivo-sexual, a prevención da violencia, a visibilización de referentes femininos e diversas formas de participación comunitaria que promovan o respecto e a convivencia.

A realidade dun concello rural como Meis fai necesario adaptar as intervencións á proximidade e ao tecido social existente, reforzando o traballo coas escolas, coas asociacións e coas familias. O diagnóstico inicial amosou unha sensibilidade crecente cara á igualdade, pero tamén a necesidade de consolidar recursos educativos accesibles, ofrecer obradoiros á mocidade sobre relacións e uso responsable das tecnoloxías, e acompañar ás familias no seu papel educador. Ademais, identificouse a importancia de crear alternativas de lecer saudable para a mocidade, así como de garantir que a programación cultural e deportiva promova valores de igualdade e diversidade.

Esta área integra medidas destinadas a fortalecer a educación en igualdade desde idades temperás, promover modelos positivos de masculinidade, combater estereotipos e contidos que normalizan o control ou a violencia dixital, e dar visibilidade a mulleres referentes no ámbito local e galego. Do mesmo xeito, contempla accións de sensibilización en contextos comunitarios, a creación de materiais educativos accesibles e campañas públicas que involucren á cidadanía e ao tecido asociativo, incluíndo a celebración de datas significativas como o 8M, o 25N e o Día do Orgullo.

Conxuntamente, estas actuacións buscan crear unha cultura local baseada no respecto, a igualdade e a diversidade, asegurando que Meis continúe a avanzar cara a unha comunidade onde todas as persoas, independentemente do seu xénero ou orientación, poidan vivir, relacionarse e participar sen violencia nin discriminación.

#### **OBXECTIVO XERAL**

**4.** Promover modelos igualitarios e a prevención das desigualdades e violencias de xénero a través da educación, a cultura e a sensibilización comunitaria, impulsando cambios sociais sostidos e interxeracionais.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

**4.1 Fomentar a educación en igualdade e prevención da violencia nas etapas educativas e no ámbito comunitario.**

**4.2 Visibilizar referentes femininos e promover modelos de masculinidade igualitaria e corresponsable.**

**4.3 Sensibilizar á poboación sobre estereotipos de xénero, relacións sans e diversidade.**

**4.4 Incorporar a perspectiva de xénero na programación municipal, cultural e deportiva.**

## MEDIDAS

### 4. Fomentar a educación en igualdade e diversidade en contextos educativos e comunitarios

**4.1.1.** Programa anual de educación afectivo-sexual e prevención da violencia nos centros educativos (relacións sans, consentimento, xestión emocional, identidade e uso seguro das TIC).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. Educación
- **INDICADORES:** Nº de sesións realizadas; Nº de centros participantes; Nº de estudantes e docentes implicados; Avaliación do alumnado e profesorado.

**4.1.2.** Creación dun calendario anual de obradoiros para mocidade entre os que se inclúa contido, de maneira transversal, sobre comunicación afectiva, prevención do control, redes sociais, pornografía e sextorsión.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. OMIX, Educación
- **INDICADORES:** Nº de obradoiros anuais; Nº de participantes; Nivel de satisfacción.

**4.1.3.** Consolidar e ampliar os recursos bibliográficos da biblioteca municipal relacionados coa igualdade e prevención da violencia de xénero.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. OMIX. Cultura
- **INDICADORES:** Nº de materiais engadidos; Nivel de uso polas persoas usuarias da Biblioteca.

**4.1.4.** Continuar desenvolvendo actuacións de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero na biblioteca a través da colaboración coa Xunta de Galicia, Deputación, etc.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura
- **INDICADORES:** N° de actividades; N° de participantes.

**4.1.5.** Desenvolver unha semana anual de actividades para a mocidade, orientada ao ocio saudable, igualdade e relacións sans

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais. OMIX, Cultura, Deportes
- **INDICADORES:** Semana anual realizada; N° de actividades e participantes; Nivel de satisfacción.

**4.1.6.** Elaboración dun “kit municipal contra a violencia dixital” con recursos breves e prácticos para mocidade e familias.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, OMIX, Educación.
- **INDICADORES:** kit elaborado e difundido; N° de descargas ou exemplares entregados; Avaliación de utilidade.

## **4.2. Visibilizar referentes femininos e promover modelos igualitarios.**

**4.2.1.** Difusión periódica de referentes femininos locais e galegos en cultura, deporte, ciencia, historia e vida comunitaria a través das canles municipais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Comunicación.

- **INDICADORES:** N° de publicacións anuais; Alcance das difusión; N° de referentes visibilizados.

**4.2.2.** Accións comunitarias creativas con perspectiva feminista (murais, lecturas públicas, intervencións artísticas, andainas temáticas).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Comunicación.
- **INDICADORES:** N° de accións creativas realizadas; N° de participantes; Avaliación de impacto comunitario.

**4.2.3.** Continuación da colaboración na conmemoración do Día do Orgullo, visibilizando dereitos e diversidade afectivo-sexual e de xénero.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Comunicación.
- **INDICADORES:** N° de actividades realizadas; N° de participantes; Nivel de participación da mocidade e entidades.

**4.2.4.** Sensibilización dirixida a clubs deportivos e entidades xuvenís sobre masculinidades igualitarias, xogo limpo e prevención de condutas de control e agresión..

- **ÁREA RESPONSABLE:** Deportes, Servizos Sociais,
- **INDICADORES:** N° de clubs participantes; N° de participantes; Grao de implicación dos clubs.

### 4.3. Sensibilizar sobre estereotipos, relacións sans e diversidade.

**4.3.1.** Obradoiros para familias sobre acompañamento afectivo, límites, educación en igualdade e prevención da violencia dixital.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Educación, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de obradoiros realizados; N° de familias participantes; Nivel de satisfacción; Avaliación de aprendizaxes.

**4.3.2.** Retomar actuacións dirixidas ás familias con recursos sinxelos e contidos breves para apoiar o acompañamento emocional e educativo da rapazada.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Educación, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de actuacións; N° de familias usuarias; Avaliación de utilidade.

**4.3.3.** Levar a cabo actividades de dinamización en locais sociais sobre igualdade, relacións sans, cuidados e prevención de abusos para poboación adulta e maiores.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Educación, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de actividades realizadas; N° de participantes; Cobertura territorial; Nivel de satisfacción.

**4.3.4.** Actividades alternativas de lecer seguro para mocidade (deporte, cultura, natureza, creación audiovisual, tecnoloxía responsable).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Saúde.

- **INDICADORES:** N° de actividades anuais; N° de mozos/as participantes; Avaliación de participación e impacto.

#### 4.4. Incorporar a perspectiva de xénero na programación municipal

**4.4.1.** Incorporación de criterios de igualdade e diversidade na programación cultural e deportiva municipal, garantindo representación equilibrada e contidos inclusivos.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Educación, Saúde.
- **INDICADORES:** % de actividades con contidos igualitarios; N° de eventos revisados; Nivel de cumprimento dos criterios.

**4.4.2.** Participación da comunidade educativa, asociativa e cultural nas campañas municipais anuais (8M, 25N e outras datas relevantes).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Educación, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de entidades e centros participantes; N° de accións conxuntas; Avaliación de participación cidadá.

**4.4.3.** Promoción e difusión accesible das actividades igualitarias municipais a través das canles locais, redes e puntos informativos comunitarios.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Educación, Saúde.
- **INDICADORES:** N° de publicacións anuais; Alcance en redes e medios; N° de puntos de difusión activos.

**4.4.4.** Garantir que a programación cultural e artística municipal incorpore contidos que promovan a igualdade, a diversidade e o respecto, evitando espectáculos cunha mensaxe sexista, discriminatoria ou violenta.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura, Saúde.
- **INDICADORES:** Nº de revisións previas de contidos; Nº de actividades cun enfoque inclusivo; Nivel de cumprimento dos criterios de igualdade.

**ÁREA 5. VIDAS LIBRES DE  
VIOLENCIAS MACHISTAS:  
PREVENCIÓN, ATENCIÓN  
E RESPUESTA INTEGRAL**

## ÁREA 5. VIDAS LIBRES DE VIOLENCIAS MACHISTAS: PREVENCIÓN, ATENCIÓN E RESPOSTA INTEGRAL

A violencia machista continúa a ser unha das vulneracións máis graves dos dereitos humanos e un dos principais obstáculos para o exercicio pleno da igualdade entre mulleres e homes. A súa erradicación require unha resposta firme, coordinada e sostida no tempo, que combine accións de prevención, detección temperá, atención e recuperación. Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, teñen un papel esencial neste proceso, ao ofrecer un primeiro punto de contacto, acompañamento e orientación ante posibles situacións de violencia.

O diagnóstico realizado no Concello de Meis revela unha sensibilidade crecente da veciñanza e do persoal municipal fronte ás violencias machistas, mais tamén pon de manifesto as limitacións estruturais e de recursos propias dun municipio pequeno. A atención directa ás vítimas depende en gran medida dos servizos comarcais especializados, como o CIM da Mancomunidade do Salnés, o que fai necesario fortalecer a coordinación interinstitucional, mellorar a detección desde o ámbito local e garantir unha resposta municipal próxima, segura e accesible.

Así mesmo, detectouse a importancia de reforzar a formación do persoal municipal, especialmente daqueles servizos que manteñen contacto directo coa cidadanía, como os Servizos Sociais, a Administración ou Protección Civil. A mellora da información e da difusión dos recursos dispoñibles, tanto na *web* municipal como nos taboleiros informativos das parroquias, tamén resulta clave para facilitar o acceso das mulleres aos servizos de apoio. A participación da comunidade educativa e do tecido asociativo considérase esencial para consolidar unha rede social que favoreza a prevención e o acompañamento.

O Plan de Igualdade do Concello de Meis aposta, deste xeito, por unha abordaxe integral das violencias machistas que combine detección temperá, atención próxima e sensibilización social. As actuacións previstas nesta área buscan reforzar a coordinación entre servizos, asegurar o acompañamento das mulleres en situación de violencia e promover unha cultura local baseada no respecto, na igualdade e nos bos tratos. A finalidade última é consolidar un concello comprometido coa erradicación de todas as formas de violencia contra as mulleres e coa construción dun entorno comunitario seguro, igualitario e libre de medo.

#### **OBXECTIVO XERAL**

5. Garantir unha resposta integral, coordinada e accesible fronte ás violencias machistas, asegurando protección, recuperación e acceso efectivo aos recursos, así como a prevención e detección temperá no ámbito municipal.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

**5.1 Reforzar a detección temperá, derivación e coordinación ante situacións de violencia machista.**

**5.2 Asegurar atención próxima, acompañamento e información accesible ás mulleres vítimas e á cidadanía.**

**5.3 Promover unha cultura municipal de prevención e sensibilización fronte ás violencias machistas.**

### 5.1 Reforzar a detección temperá, derivación e coordinación ante situacións de violencia machista.

**5.1.1.** Elaborar un Protocolo municipal de actuación fronte á violencia machista, con pautas claras de detección, coordinación e derivación aos recursos comarcais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Alcaldía, Servizos Sociais.
- **INDICADORES:** Protocolo elaborado e aprobado; número de áreas municipais adheridas ao protocolo; difusión interna e externa do documento.

**5.1.2.** Continuar participando na Mesa Local de Coordinación Interinsitucional contra a violencia de xénero da mancomunidade.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Alcaldía.
- **INDICADORES:** Nº de reunións ás que se asiste; acordos e compromisos adoptados.

**5.1.3.** Seguimento e avaliación de casos derivados a outros servizos alleos ao concello, garantindo a continuidade da atención e a comunicación fluída cos servizos especializados.

- **ÁREA RESPONSABLE:**
- **INDICADORES:** Nº de casos en seguimento; porcentaxe de seguimento completado; informes de coordinación elaborados.

## 5.2. Asegurar atención próxima, acompañamento e información accesible ás mulleres vítimas e á cidadanía

**5.2.1.** Ofrecer información actualizada e acompañamento inicial ás mulleres que acoden ao concello, asegurando unha atención confidencial e próxima.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Alcaldía.
- **INDICADORES:** N<sup>o</sup> de mulleres atendidas; valoración da atención recibida; materiais informativos distribuídos.

**5.2.2.** Facilitar a realización de trámites e xestións administrativas das vítimas de violencia de xénero (xustificantes, documentación, axudas municipais, etc.) en coordinación cos Servizos Sociais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais
- **INDICADORES:** N<sup>o</sup> de trámites xestionados; tempo medio de resposta; número de coordinacións internas realizadas.

**5.2.3.** Actualizar de maneira permanente a información sobre recursos, teléfonos de urxencia e servizos comarcais na *web* municipal e nos taboleiros das parroquias.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais
- **INDICADORES:** N<sup>o</sup> de trámites xestionados; tempo medio de resposta; número de coordinacións internas realizadas.

**5.2.4.** Promover espazos de orientación comunitaria para mulleres en situación de especial vulnerabilidade (maiores, migrantes, con discapacidade) para previr a violencia de xénero e/ou fomentar a rotura do silencio.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais
- **INDICADORES:** N° de encontros realizados; número de participantes; valoración das usuarias.

**5.2.5.** Identificar, difundir e implicar aos establecementos locais nunha campaña de recoñecemento como puntos seguros de información e apoio inicial.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Alcaldía, Comercio Local.
- **INDICADORES:** N° de establecementos adheridos; materiais entregados; visibilidade da campaña.

### **5.3. Promover unha cultura municipal de prevención e sensibilización fronte ás violencias machistas**

**5.3.1.** Campañas anuais de sensibilización comunitaria sobre sinais de violencia, recursos e canles de axuda, con difusión en comercios e redes sociais municipais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Comunicación.
- **INDICADORES:** N° de campañas realizadas; alcance estimado; participación cidadá nas accións.

**5.3.2.** Programación anual de actividades educativas nos centros escolares e institutos, centradas en prevención, bos tratos e igualdade.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Educación.

- **INDICADORES:** N° de centros implicados; número de actividades realizadas; valoración do profesorado e alumnado.

**5.3.3.** Accións específicas para a mocidade e adolescentes, sobre relacións afectivas, control dixital e violencias sexuais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, OMIX
- **INDICADORES:** N° de accións específicas realizadas; participación xuvenil; impacto percibido.

**5.3.4.** Formatos creativos e comunitarios (murais, teatro, intervencións artísticas, colocación de sinais ou outros elementos públicos) que promovan unha cultura dos bos tratos e de rexeitamento cara as violencias.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura, Servizos Sociais, Comunicación.
- **INDICADORES:** N° de actividades culturais realizadas; participación cidadá; impacto visual/comunitario das accións.

**5.3.5.** Participación da mocidade e do alumnado nas campañas e datas conmemorativas (25N e 8M), reforzando o seu papel como axentes de cambio.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Servizos Sociais, Cultura.
- **INDICADORES:** N° de centros e grupos participantes; actividades desenvolvidas; producións elaboradas pola mocidade.

# **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e a avaliación constitúen ferramentas fundamentais para garantir a eficacia e eficiencia das políticas públicas. Neste sentido, o Plan Municipal de Igualdade do Concello de Meis debe ser obxecto dun proceso sistemático de revisión e valoración, que permita comprobar o grao de cumprimento das medidas, avaliar o seu impacto e introducir melloras cando sexa necesario.

O seguimento enténdese como un proceso continuo de monitorización das accións previstas, mentres que a avaliación permitirá coñecer os resultados alcanzados, identificar fortalezas e áreas de mellora, e orientar a planificación futura.

A súa coordinación recaerá nunha **Comisión Municipal de Igualdade**, creada ao abeiro deste plan e integrada por:

- Persoal técnico vinculado á intervención social e igualdade
- Representación política municipal
- Persoal administrativo de apoio
- Outras persoas profesionais ou entidades colaboradoras cando proceda (centros educativos, tecido asociativo, etc.)

A Comisión terá as seguintes funcións:

✓ Impulsar e supervisar o desenvolvemento do plan
✓ Velar polo cumprimento das directrices e medidas programadas
✓ Canalizar información e incidencias desde os distintos departamentos
✓ Realizar propostas de adaptación ou mellora
✓ Elaborar un informe anual de seguimento
✓ Presentar unha avaliación final ao rematar o período de vixencia

O seguimento terá carácter anual e reflectirase nun informe estruturado que inclúa as áreas estratéxicas do plan, os obxectivos específicos, a relación de medidas executadas e pendentes, os indicadores asociados e observacións cualitativas e proposta de mellora.

As unidades municipais responsables cubrirán fichas sinxelas de execución que recollerán datos básicos das accións realizadas.

Este seguimento permitirán corrixir, reorientar ou complementar as actuacións cando sexa necesario, garantindo un proceso de mellora continua.

## **AVALIACIÓN FINAL**

A avaliación final realizarase ao finalizar o período de vixencia do plan (ano 2029) e incluirá:

- Grao de execución das medidas
- Resultados acadados en relación cos obxectivos formulados
- Valoración cuantitativa e cualitativa do impacto das actuacións
- Grao de satisfacción das persoas participantes cando sexa posible
- Leccións aprendidas e recomendacións para o seguinte plan

Recoméndase combinar indicadores cuantitativos e cualitativos, así como instrumentos de percepción cidadá ou profesional sempre que sexa posible.

## INDICADORES ORIENTATIVOS

Tipo	Exemplos
<b>Indicadores de realización</b>	Nº de actividades realizadas (charlas, campañas, obradoiros, formacións, accións comunitarias...)
<b>Indicadores de participación</b>	Nº de persoas beneficiarias, diferenciadas por sexo e idade cando proceda
<b>Indicadores de colaboración</b>	Nº de departamentos, centros educativos, asociacións e entidades implicadas
<b>Indicadores de satisfacción</b>	Avaliación das actividades por parte das persoas participantes, cando proceda
<b>Orzamento destinado</b>	Recursos económicos investidos nas accións do plan
<b>Indicadores cualitativos</b>	Efectos observados, testemuños, valoración profesional, cambios percibidos na comunidade

Recoméndase rexistrar o seguimento do plan mediante follas de seguimento que inclúan a medida, o obxectivo da área, o lugar de realización, as persoas participantes, a descrición da actividade, as dificultades detectadas e as propostas de mellora. Así mesmo, sempre que sexa posible, recoméndase incorporar os resultados dun sistema de avaliación claro, que contemple tanto a valoración obxectiva como a percepción subxectiva das actividades.



CONCELLO  
DE  
MEIS



Deputación  
Pontevedra